10 anos informando

Xuventudegalicia.net XA FAI RUÍDO

A cita da mocidade en liña: do 4 ao 6 de maio

13

Revista de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia

Código Cero

www.codigocero.com

Nº 104_Ano 12

Biblioteca Dixital de Galicia

O noso patrimonio á vista

NOVA WEB DA RAG

A lingua ao completo na casa 2.0

LONXE PERO CONECTADAS/OS

A nova diáspora galega, en fotogramas

AMTEGA AMOSA OS SEUS OBXECTIVOS

Entrevistamos a Mar Pereira, directora da nova Axencia TIC

movistar
Compartida, a vida é máis.
Cobertura Movistar ADSL
Grazas a Movistar e ao Plan de Banda Larga da Xunta.
Chegamos onde ninguén antes o fixera.
Contrátao xa en:
Tendas Movistar
Oferta válida ata 31/12/12, para novas altas, portabilidades e transitos de Movistar ADSL 3/6/10 Mb. Prezo promoción 23,48€/mes durante 1 ano. Fóra de promoción 48,26€/mes. Prezos IVE incluído. Límite de chamadas de Itui a móbil entre semana 50 minutos e 500 minutos en fin de semana. Suvelto a permanencia 12 meses. Promoción non acumulable. Consulta cobertura e chamadas aplicables.

Internet de calidade para todos os galegos.
Obras de despregamento de ADSL financiadas por Telefónica, Xunta de Galicia e Unión Europea a través de fondos FEDER.

plan avanza
www.planavanza.es

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVIMENTO REGIONAL
UNIÓN EUROPEA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO

XUNTA DE GALICIA

Sumario

nº 104

» novas

5 Resumo de actualidade TIC con especial fincapé nas cousas que acontecen na nosa terra e dende a nosa terra

» reportaxes

7 Xuventude Galicia Net 2012 xa se escoita ao lonxe: a cita vén co mes de maio
8 Turgalicia fai reconto dos froitos recollidos pola súa aposta dixital
9 Nova web da Real Academia Galega
10 Entrevistamos a Mar Pereira, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA
12 En marcha un documental sobre a nova diáspora galega, a diáspora 2.0
13 InfoJC e Gradiant traballan para mellorar a accesibilidade no fogar dixital
18 Chega á Rede galega un novo medio informativo: galicia24horas.es
19 Novo Fiadeiro de tradución de software libre na Universidade de Santiago
20 Facemos un novo repaso polo máis salientábel da nosa innovación recente
22 A Deputación de Pontevedra presenta a súa nova arquitectura de sistemas
24 A cultura galega deu este mes de abril importantes mostras de actividade na Rede
25 Facemos un percorrido pola innovación da adega galega Marqués de Vizhoja
26 AS Computer reabre a súa tenda en Santiago

» especial

14 A Biblioteca Dixital de Galicia, Galiciana, amósanos os seus obxectivos e liñas de traballo para facilitar e impulsar a preservación do noso patrimonio a través das novas canles e ferramentas

» gadgets

27 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

» xogos

28 A primeira entrega do xogo galego AK-R chega ás tendas físicas
29 Repasamos o máis destacábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

104

Neste número....

Chegou abril e, coa chuvia, semella vir a mares tamén o fluxo informativo TIC sobre as cousas que se fan na nosa terra no camiño de modernizar o mundo a base de coñecemento e innovación. O caso é que realmente non hai moita novidade: o repunte informativo deste mes de abril non é máis que unha constancia que se repite tódolos meses. Ou sexa, que dende as TIC non só tratamos de reaccionar contra a crise, senón que o facemos a tempo completo. Cada número de Código Cero é, de feito, unha caixa onde colle unha determinada cantidade de cousas, todas elas interesantes, e outras teñen que ficar fóra, interesantes tamén. O proceso intensifícase con cada mes: a innovación galega pide paso e a nós gustaríanos dar cabida a todo o que se produce na nosa terra, pero non é posíbel. Para facelo, esta revista tería que ser semanal e do dobre de páxinas, e o orzamento non dá para tanto. O que vedes é unha pequena parte do que hai, cousa que fala ás claras sobre o empuxe do tecido TIC galego: un empuxe con gráfica ascendente que, de seguir así, sairase precisamente de gráfica. Amais de innovación do sector privado e como vén sendo costume, falamos tamén do que se fai dende o ámbito público. Neste senso, cómpre botarlle un ollo ao que nos conta a recentemente creada Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia sobre os seus obxectivos, a curto, medio e longo prazo. Tamén hai espazo para lembrar que a Cidade da Cultura quere xogar un papel complementario de Cidade da Tecnoloxía. Vémolo nas páxinas centrais.

Dez anos atrás....

En marzo de 2002 saia do prelo o segundo número de Código Cero. Tralo éxito do primeiro exemplar esgotado rapidamente a publicación, de caracter bimestral, abordaba na súa portada a implantación do cable- modem , a alta velocidade que chegaba a Galicia da man do cableador R.

A cita de Xuventude Galicia Net, que iniciaba a súa segunda andaina, era outro dos temas tratados na revista. En portada se destacaba tamén a animación en 3D, tan de moda hoxe de *"El Bosque animado"*, unha produción de Dygra galardoada con dous Goyas.

Como sempre no seu interior faciase repaso ás páxinas webs galegas, entrevistas a persoeiros, reportaxes sobre xogos , formación e novidades sobre o uso das tarxetas intelixentes, da man do noso *"pirata"* informático, completaban aquel segundo número distribuido en todo o pais.

O humor de Henrique Neira

Equipo

DIRECTOR_Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com • **SUBDIRECTOR**_Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
SOCIO FUNDADOR_Carlos Ballesteros_c.ballesteros@codigocero.com • **REDACTOR XEFE**_Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_Manolo Gago (Opinión) • Raquel Noya (Reportaxes) • Moncho Paz (Opinión) • Modesto Pena (Redes) • Sevi Martínez (Xogos) • Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_MAQUETACIÓN_Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com • Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_Tórculo Artes Gráficas, S.A. • Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_Grupo Código Cero Comunicación S.L. • Conxo de Arriba nº 49, 1º C • 15706 Santiago de Compostela Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com • redaccion@codigocero.com
Número 104 (marzo-abril 2012) Publicación periódica. Prezo 2€ • Depósito Legal: C-2301/01 I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546 I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

Xa podemos votar polos nosos vídeos preferidos no I Concurso de Curtas co Móbil

Xa está aberto o prazo para votar os vídeos presentados ao I Concurso de Curtas co móbil. As votacións poden realizarse a través de www.facebook.com/imitxunta, ata o 20 de maio. Mediante Gústame, todas as persoas fans da páxina de Imitxunta poderán votar pola súa curtametraxe favorita unha soa vez, de maneira que non se perturbe o resultado da votación e resulten gañadores aquelas obras que sexan maioritariamente apoiadas. En total presentáronse 22 curtametraxes realizadas co móbil por mozos e mozas matriculados na ESO ou no Bacharelato de oito centros educativos da Comunidade galega. Da provincia da Coruña participaron o CPI de Xanceda, Mesía o IES Eduardo Pondal de Santiago, o IES Terra de Soneira deVimianzo, o CPI O Cruce de Cerceda. Da provincia de Pontevedra o IES Manuel García Barros da A Estrada, o IES Ramón Cabanillas de Cambados e o IES María Soliño de Cangas. E da provincia de Ourense o Colexio María Inmaculada de Verín.

Este concurso, que se convoca por primeira vez na Administración autonómica a través de Facebook, ten como fin espertar a creatividade audiovisual entre os estudantes e dar a coñecer as posibilidades das novas tecnoloxías que se veñen ofrecendo a través das aulas de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta (CeMIT) do seu concello ou comarca.

As 22 curtas que entraron nesta fase final, realizadas por mozos e mozas entre 14 e 20 anos de idade, individual ou colectivamente, destacan pola súa calidade e orixinalidade.

Novo Obradoiro de Criptografía e Privacidade do GPUL

O Grupo de Programadores e Usuarios de Linux, GPUL, vén de anunciar unha nova actividade de difusión, debate e traballo colectivo arredor das posibilidades, sen límite, do software libre. Desta volta, a actividade céntrase en avaliar e amosar recursos que melloren, dende un contorno de accesibilidade e de apertura de datos, a protección deses e outros datos cando sexa preciso. Falamos da cuarta edición do Obradoiro de Criptografía, Privacidade e Seguridade.

O taller, no que se tratarán cuestións específicas como a copia de seguridade, os xeitos de recuperar información ou de loitar contra malware dende a eficacia que soe achegar o software libre, xa ten aberto o prazo para as achegas de cada quen (propostas de charlas ou de actividades), sexan da índole que sexan e veñan na lingua que veñan (galego, castelán, portugués, inglés ou francés). Só se piden os requirimentos dunha axeitada proposición de contidos e que estes teñan relación co software libre, o hardware libre ou a cultura libre en xeral. A actividade en cuestión está prevista para os vindeiros 14, 15 e 16 de maio.

EGANET recibe 7 novos socios no que vai de ano

A Asociación de Empresas Galegas Adicadas á Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET) continúa a sumar novas adhesións, e no que vai de ano acolleu a 7 novas firmas ata chegar aos 76 socios. Os novos asociados durante o que vai de 2012 son Consultoría Informática del Noroeste, empresa marinense de desenvolvemento de software para o sector da carpintería de aluminio, PVC e similares; Streaming Galicia, empresa de Noalla (Sanxenxo) que permite difundir eventos en vídeo en vivo a través da Rede; Avansig, empresa coruñesa especializada en enxeñaría de software; Movendo Soluciones, proxecto emprendedor TIC con sede en Ames; Tecnología de la Información del Noroeste, empresa compostelá de consultoría e servizos TIC; Igneoma, laboratorio tecnolóxico radicado en Vilagarcía de Arousa especializado na interacción humano-computador; e Cosa-art, estudo de deseño teense especializado en páxinas web, imaxe corporativa e outros servizos semellantes.

Uns 50 cativos de Primaria visitan o obradoiro do XaTcobeo

O picosatélite galego XaTcobeo segue a dar que falar. E non só entre especialistas ente telecomunicacións cunha longa carreira ás súas costas, senón tamén entre especialistas futuros. Dito doutra maneira: entre os nosos científicos e investigadores do mañá, hoxe en día desenvolvendo o seu labor nas escolas pero moi atentos, xa, ás cousas que pasan dentro dos computadores e por enriba das súas cabezas. Unha destas cousas é o aparello XaTcobeo, que foi debullado, en tódolos detalles, perante uns 50 cativos de sexto curso de Primaria do colexio público vigués Escultor Acuña.

Os rapaces, informa a Universidade de Vigo (principal impulsora do picosatélite), reuníronse co equipo que deseñou e construíu o dito aparello nos seus lugares cotiáns de traballo, entre os que se atopan a cámara anecóica, a cámara de baleiro ou o centro de seguimento.

O interese das nenas e nenos non é novo. De feito, préstanlle a máxima atención ao desenvolvemento e andaina do picosatélite dende hai xa uns cantos meses, e todo da man dun equipo de profesores liderado por María Xosé Pérez, titora de 6º A. De feito, foron os propios nenos, de idades comprendidas entre os 11 e os 12 anos, os que logo do seu intenso labor de seguimento da evolución do proxecto (novas publicadas, debates, coñecemento xerado) amosaron o seu desexo de coñecer aos responsábeis do mesmo. As preguntas lanzadas foron moitas e variadas (en que capa da atmosfera está?; por que é tan pequeno e cales son as súas funcións? ou, que debo facer para ser astronauta?), e Fernando Aguado e José Antonio Vilán, directores do programa, encargáronse de dar resposta do mellor xeito posíbel. A visita tivo lugar nas escolas de Telecomunicación e Industriais, que son os principais obradoiros e centros de traballo da iniciativa.

O número de usuarios da historia clínica electrónica medrou nun 39%

O Servizo Galego de Saúde vén de facer un novo reconto do acadado a través da implantación das novas tecnoloxías dixitais nos planos de administración, da xestión e da comunicación cos cidadáns. Os datos foron dados a coñecer pola conselleira, Rocío Mosquera, no Parlamento de Galicia. Segundo fixo saber, o uso da historia clínica electrónica, IANUS, *"experimentou no 2011 un crecemento do 39% en usuarios, chegado aos 14.000 profesionais sanitarios, e dun 50% no número de accesos, acadando os 2,5 millóns"*.

Ademais, sinalou, están conectadas ao sistema de e-receita o 100% das farmacias e o 98,48% dos centros de saúde, e benefíciase deste sistema o 99,7% da poboación. *"Por iso"*, engadiu, *"foi posible que, no mes de decembro de 2011, o 93% das dispensacións foran feitas mediante o sistema de e-receita (receita electrónica)"*.

Polo que respecta aos servizos de telemedicina, dixo que se duplicaron dende 2009. A día de hoxe, puntualizou, o 98,5% dos centros de atención primeira poden usar estes recursos, sendo do 230 o número de centros que achegan visualización da imaxe dixital dende IANUS. No que atinxe á distribución dos labores, Mosquera fixo saber que a receita electrónica fixo posíbel que a taxa de consultas administrativas en centros de primaria descendera *"de xeito considerábel"*.

OETIC: nova ferramenta en liña para o noso emprendemento TIC

Obxectivo Emprendemento TIC (OETIC) é un novo espazo virtual da Consellaría de Economía para promover o emprendemento no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación, que busca servir de catálogo de recursos de información, aprendizaxe e apoio para emprendedores, promotores de proxectos e empresarios do sector TIC de Galicia.

Esta nova web, que podemos ver en oetic.bicgalicia.es/gl, estruturase en cinco grandes áreas: Achégate ao sector; Espazo do Emprendedor; Carteira Tecnolóxica, Espazo de Colaboración; e Axenda TIC.

eSTAR BIEN: unha importante guía para o desenvolvemento tecnolóxico no ámbito rural

A poboación do rural continúa a padecer importantes fendas dixitais que, se ben a cada paso son menores, aínda dificultan o acceso xeralizado a Internet e a todas as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para o desenvolvemento económico e social. Co obxectivo de facer fronte a esta realidade, en outubro de 2010 botou a andar o proxecto eStar Bien, impulsado pola Asociación de Mulleres e Familias do Ámbito Rural (AMFAR), financiado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER; e no que INEO actúa como socio tecnolóxico de referencia.

O principal valor diferencial de eStar Bien é que actuará como unha auténtica guía no desenvolvemento de servizos tecnolóxicos realmente interesantes e demandados no ámbito rural. As verdadeiras protagonistas de eStar Bien serán as familias de Lalín e dunha vila de Cidade Real, que actuarán como beta testers e que a partir de xullo accederán á plataforma tecnolóxica deseñada para este proxecto, iniciando así a fase de proba.

Poderán acceder a ela desde o computador, desde o televisor ou desde o seu teléfono móbil, para utilizar os servizos tecnolóxicos seleccionados: a realización de trámites administrativos vía telemática, a participación en cursos de formación e o contacto con familiares que viven máis alá da súa vila.

Que uso lles dan as familias do rural a cada unha das vías de comunicación seleccionadas (TV, computador, móbil)? Que servizos son os máis demandados e cales outros se poden ofrecer, aproveitando as características propias de cada medio? Estas son algunhas das cuestións ás que eStar Bien dará resposta en breve, xa que o proxecto finalizará este mes de decembro.

Para entón, teremos avanzado no coñecemento empírico da verdadeira implantación das ferramentas TIC no rural e do uso que lle dan as familias deste ámbito ás novas tecnoloxías, unha das claves que facilitará a implantación das TIC e que permitirá que sexan, tamén no rural, un factor de desenvolvemento económico e de mellora da calidade de vida e do benestar social.

Presentación da iniciativa eStar Bien celebrada en Lalín en outubro de 2010

MOCIDADE, REDES E MERCADO LABORAL

Xuventude Galicia Net celébrase entre os días 4 e o 6 de maio no Palacio de Congresos de Santiago

Nun intre no que as festas informáticas están en plena crise (adíase a Arroutada Party e a Campus Party abandona Valencia) Xuventude Galicia Net (xuventudegalicia.net) non se rende, e celebrará a súa edición nº 13 entre os días 4 e 6 de maio no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, para o que contan coa participación dun milleiro de mozos aos que se sumarán numerosos asistentes que poderán acudir ás actividades de acceso libre que se desenvolverán durante eses días.

Os interesados en acudir xa poden inscribirse dende mediados de abril na páxina web de xuventude.xunta.es, asignándose as prazas por rigorosa orde de inscrición (para quen estea interesada/o en participar, cómpre que bula, porque XGN, de sempre, ten moito tirón entre a mocidade).

A prioridade deste ano é a proposta formativa e a busca de emprego para os mozos e mozas que participen no evento, e para iso contarase coa presenza de profesionais e expertos do sector das novas tecnoloxías e da empresa xeral. Así, durante os tres días celebraranse charlas e conferencias con poñentes recoñecidos nacional e internacionalmente, así como obradoiros, charlas-coloquios e mesas redondas. O obxectivo é consolidar a formación deste evento como un referente a nivel nacional no mundo das novas tecnoloxías.

As xornadas dividiranse en catro temáticas principais: o emprego e as oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías; a formación dedicada aos pais; *as startups*; e o ciber voluntariado. Para cada área, reuniranse profesionais das distintas disciplinas para amosar as súas experiencias.

Ademais, haberá tamén tempo para o ocio, e os exteriores serán tamén unha extensión do Xuventude Galicia Net. Os interesados poderán, entre outras actividades, empregar o campo de *paintball*; asistir ás noites temáticas de cine, consolas e videoxogos; ou asistir a cursos de defensa persoal, xogo do pau, e esgrima antiga europea.

Todas estas actividades da *extranet*, así como as charlas, serán de balde e de acceso libre.

Xa dentro propiamente da *party* desenvolveranse competicións oficiais de videoxogos; realizaranse competicións de *Future Arena Torunament*, a liga amateur de e-sports que se vén realizando nos encontros informáticos de diversos puntos de España. Deste xeito, os participantes poderán xogar cos seus ordenadores nos campionatos de *Counter Strike 1.6, League of Legends, FIFA 2012, Super Street Fighter 4, Trackmanis, Quake Live e Tekken 6*.

Nas distintas actividades relacionadas co *modding* (consistente en modificar, de forma estética ou funcional, os ordenadores), *hardware e overclocking* (unha técnica que consiste en aproveitar ao máximo os compoñentes orixinais dun sistema informático para que funcionen a maior rendemento), a través de obradoiros, charlas e exhibicións.

Por exemplo, no obradoiro de *modding* os participantes poderán adquirir coñecementos sobre como confeccionar os seus propios deseños e a súa posterior plasmación nos equipos informáticos. Cabe destacar que este ano, por primeira vez, celebrarase o *Torneo nacional de modding: Premio Xuventude.net, primeira fase galega do Future Modding Tournament* nas categorías de *casemod e casecon*.

Xa no eido do *overclocking*, haberá unha charla na que os interesados poderán informarse sobre como acadar o maior rendemento do seu ordenador. Nesta actividade, combinarase a formación teórica cun taller práctico.

A NOSA TERRA INTERESA

A web de Turgalicia recibiu no primeiro trimestre de 2012 un total de 550.747 visitas

A páxina web de Turgalicia, recentemente reforzada cun localizador de recursos mariñeiros e complementada cun blog 2.0 para usuarios das redes sociais, foi obxecto os días pasados dun pormenorizado reconto de visitas. Segundo se nos fai saber, o sitio oficial de Turismo de Galicia incrementou o seu seguimento en liña nun 13,92% no primeiro trimestre de 2012, en comparación co mesmo período do ano anterior.

Deste xeito, infórmase dende Turgalicia, a web recibiu os tres primeiros meses de 2012 un total de 550.747 visitas, fronte ás 483.448 do primeiro trimestre do ano anterior.

No que atinxe ao número de páxinas vistas, entre xaneiro e marzo de 2012 foron vistas 3.133.769 páxinas da devandita web, fronte aos 2.947.438 dos tres primeiros meses de 2011.

O reconto xeral tamén abrangue unha análise da resposta dos internautas fronte ao Contact Center Social Media do Turismo de Galicia, servizo adscrito a Turgalicia centrado na promoción da oferta galega nas redes sociais. Este servizo, infórmase, *"desenvolveu un total de 2.857 accións, o que supuxo unha media 68 accións diarias, 11 diarias por cada un dos 6 axentes deste servizo".*

Respecto á conta de Facebook que mantén o organismo galego, dicir que arestora conta con máis de 11.000 seareiros, dando acubillo en Twitter a con preto de 2.000. Turgalicia tamén ten unha canle propia en YouTube, con vídeos que se reproduciron máis de 81.000 veces e un espazo de seu no Flickr con 200 fotografías turísticas de Galicia que foron vistas máis de 4.500 veces.

Actualizada a web de Turismo Mariñeiro

Durante os últimos meses Turgalicia estivo a traballar na mellora e actualización da súa páxina web de Turismo Mariñeiro, tanto nos contidos coma na usabilidade da páxina. Entre outras accións, realizouse unha ampla reportaxe fotográfica co fin de dotar de imaxes a todos aqueles recursos que figuran na web e que carecían delas.

Destacan especialmente os traballos realizados para facilitar a localización de toda a oferta a través de Google Maps, de xeito que recóllense repartidos en 8 áreas de costa un total de 398 recursos clasificados e xeolocalizados. Tamén cóntase cunha nova distribución dos botóns de acceso que fan máis cómoda a navegación e o acceso á información.

Con todo isto pretendese manter e mesmo mellorar o alto nivel alcanzado coa promoción da oferta de Turismo Mariñeiro de Galicia.

Estrea de blog e reforzamento da vertente 2.0

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, Turgalicia, dependente da Secretaría Xeral para o Turismo publicou recentemente na Internet un blog co obxectivo de ampliar a súa presenza na web 2.0 e resolver de xeito máis eficaz as demandas de información e comunicación sobre o turismo de Galicia na Rede.

Trátase de optimizar a relación cos usuarios da Internet de xeito que estes poidan obter a mellor comunicación institucional sobre os produtos e os servizos turísticos de Galicia, complementando a información que xa figura na web de Turgalicia.

No novo blog, turgalicia.es/blog, Turgalicia creou varias categorías nas que se inclúen artigos e imaxes dos recursos e produtos turísticos máis salientables de Galicia, nos idiomas galegos, castelán e inglés.

O novo servizo de comunicación virtual do Turismo de Galicia estrutúrase en, principio, en oito categorías relacionadas co Turismo de Saúde, os espazos naturais, as festas de interese turístico, os museos, as praias, as rutas do viño e o sendeirismo.

O blog de Turgalicia permite tamén a subscrición vía RSS, inclúe unha nube de etiquetas e recomenda outros sitios web relacionados co Turismo galego.

A través do blog do Turismo de Galicia, os internautas poden deixar os seus comentarios sobre os artigos e as fotografías ou para demandar información máis concreta sobre todo o

A RIQUEZA DO NOSO LÉXICO ÁBRESE Á SOCIEDADE

A RAG renova a súa páxina web e estrea dicionario de galego en liña

Recentemente a sede coruñesa da Real Academia Galega (RAG) acolleu a presentación da nova páxina web da institución creada en 1906 (www.realacademiagalega.org), o que supón un importante achegamento á sociedade galega, pois este espazo virtual está dirixido a un público xeral, ao que permite o acceso aos amplos fondos documentais da Academia, como publicacións propias, revistas e artigos sobre a lingua e a cultura de Galicia e mesmo documentos tan curiosos como a cédula de identificación (precedente do DNI) de Rosalía de Castro. Temos así un recurso de grande utilidade para os interesados en afondar na nosa cultura, aínda que entre os contidos da páxina web destaca especialmente unha versión en liña do Dicionario da RAG elaborado seguindo as regras ortográficas e morfolóxicas recollidas na normativa de 2003. Deste xeito, o Dicionario ábrese do mellor xeito posible á sociedade, cumprindo coa vocación de servizo público da RAG. O Dicionario en liña da RAG conta con máis de 50.000 entradas, integrando o Dicionario de pronuncia da lingua galega publicado o pasado verán e desenvolvido polo Instituto da Lingua Galega en colaboración coa CRTVG, ou sexa, que non se limita a recoller o significado das palabras, senón que tamén informa sobre a súa pronuncia, as propiedades gramaticais, os sinónimos, os antónimos, o rexistro e outros datos de utilidade para o uso correcto da lingua, construíndo o que o presidente da institución, Xosé Luís Méndez Ferrín, prefire definir como un tesauro (ou tesouro).

Esta revisión do Dicionario da RAG supón unha importante actualización sobre a edición de 1997, dobrando o número de entradas, incrementando o número de acepcións e fraseoloxismos en cada artigo lexicográfico e reformulando os textos das definicións para facelas máis precisas e naturais.

As bondades deste traballo foron explicadas por Manuel González González, catedrático de Filoloxía Románica na USC, actual tesoureiro da RAG e coordinador do traballo do Dicionario, quen asegurou que a dixitalización do Dicionario permitirá a súa renovación constante, o que farán en grande medida grazas ás achegas que vaian chegando dende a sociedade.

A consulta do Dicionario en liña tamén é máis áxil que en papel, pois entre outras cousas conta cun sistema de busca preditivo, de xeito que cando comezamos a escribir unha palabra o sistema proporá distintas opcións durante a nosa escritura, chegando a adiantarse ás nosas intencións ou mesmo axudando á escritura correcta do termo do que queiramos coñecer os detalles. A ferramenta en liña tamén facilita compartir os seus contidos a través de Twitter, destaca nun lateral as 10 palabras máis procuradas, suxire unha palabra á toa e mesmo facilita un código para integrar o dicionario na nosa páxina web.

O secretario da RAG, Xosé Luís Axeitos Agrelo, tamén estivo presente durante a presentación deste novo espazo en liña, no que xogou un importante papel na súa coordinación, e aproveitou o momento para adiantar que en breve tamén estará dispoñible unha edición do Dicionario da RAG para dispositivos móbiles, o que facilitará aínda máis a consulta deste índice lexicográfico.

Páxina web moi completa

Pero aínda que o Dicionario sexa o máis destacable do novo espazo virtual, é moito máis, ofrecendo dun xeito moi visual e ordenado información sobre a Real Academia Galega (historia, organización, seccións, estatutos, membros, acordos e convenios... o que tamén supón unha aposta pola transparencia do organismo), a nosa lingua, a celebración do Día das Letras Galegas, a consulta do catálogo da Biblioteca e a Hemeroteca da Academia (que nalgúns casos inclúe o acceso a versión dixitalizadas dos volumes para a súa consulta en liña), información sobre o Arquivo e as publicacións da Academia, unha relación de recursos dispoñibles en liña (como as normas ortográficas e morfolóxicas de 2003, unha Cartografía dos apelidos de Galicia, o Dicionario galego das telecomunicacións, o Dicionario galego de televisión e o Mapa sociolingüístico de Galicia) e mesmo unha sección de actualidade, que recolle novas de interese, fotogalerías e vídeos, o que supón un grande paso de cara á modernización desta institución a través das TIC. Precisamente nesta liña Méndez Ferrín declarou que *"hoxe na Academia toca innovar. Con esta web a Academia sae desta casa venerable para entrar na casa de todos. É o momento de estar moi presentes na sociedade e a Academia cumpre con este mandado".*

“AMTEGA permitiranos evitar duplicidades e mellorar a eficacia da Administración”

MAR PEREIRA

Falamos con Mar Pereira, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Cómpre que teñamos en conta a seguinte cuestión de cara aos futuros esforzos autonómicos en materia TIC: o que antes se levaba a cabo dende diversas frontes ten dende hai unhas semanas unha mesma fonte e unha mesma dirección. Falamos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA, organismo que unifica tódolos recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxicas da Xunta e que está dirixido por Mar Pereira. En Código Cero puidemos falar con ela, dos cambios que presenta a posta en marcha de AMTEGA para a propia Administración e, sobre todo, dos que vai presentar para nós, os cidadáns galegos de a pé. Para comezar, o obxectivo é evitar duplicidades e buscar a máxima fondura e repercusión de cada iniciativa.

-En que vai cambiar o seu traballo, como directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia?

-A creación da Axencia é un paso máis na estratexia tecnolóxica do actual Goberno galego que decidiu apostar desde o primeiro intre polo pulo ás TIC creando un departamento dependente da Presidencia que coordinara de xeito transversal as iniciativas tecnolóxicas da Xunta. Agora imos máis alá aglutinando nunha mesma entidade os recursos persoais e orzamentarios do eido tecnolóxico, o que nos permitirá evitar duplicidades, mellorar a eficiencia da Administración pública e optimizar recursos para poder desenvolver proxectos tecnolóxicos de maior calado.

Neste sentido, continuamos cos proxectos iniciados como Secretaría pero grazas á xestión integrada da Axencia avanzaremos dende unha abordaxe integral no desenvolvemento de novas iniciativas sectoriais, coma sempre, en estreita colaboración cos diferentes departamentos da Xunta.

-Agora céntrase máis na modernización e menos na innovación? Vaise crear un organismo que se ocupe da innovación?

-As reformas das administracións públicas, a mellora da competitividade dos nosos sectores produtivos, a diminución da fenda dixital na Comunidade e a sustentabilidade e mellora dos servizos públicos basean as súas estratexias de futuro no uso intensivo e intelixente das novas tecnoloxías. E nesa liña traballará a Axencia a través das diferentes áreas nas que se estrutura a súa actividade. Por outra banda, o Consello da Xunta do 12 de xaneiro aprobou a creación da Axencia de Innovación, que impulsará e vertebrará de xeito global as estratexias e programas de innovación do Goberno Galego para promover a innovación nas administracións públicas e o crecemento e a competitividade das empresas galegas. As novas tecnoloxías son esenciais cando se fala de innovación, polo tanto a cooperación e complementariedade entre ambas Axencias é absoluta e sen dúbida esta alianza reforzará á estratexia de apoio ao crecemento do sector tecnolóxico galego.

-Que significa a creación da axencia AMTEGA para o Goberno galego?

-Entendemos as tecnoloxías da información como parte do desenvolvemento integral de Galicia, como soporte e panca de todo o cambio e o desenvolvemento que necesita a nosa terra. Son unha panca do cambio social, cultural, educativo, dos servizos públicos, das PEME, das grandes empresas, de cada un dos ámbitos de actuación da Administración autonómica e da sociedade galega no seu conxunto. Por iso o Goberno galego non pode renunciar na súa aposta por avanzar na construción dunha sociedade dixital. A pesar das restricións económicas, estamos convencidos de que investir nas TIC redundará nunha mellora a nivel económico e produtivo para Galicia. E nesa tarefa e sobre estes principios de eficiencia, austeridade e optimización do gasto a AMTEGA será o instrumento para avanzar nos obxectivos da Axenda Dixital.

-Con AMTEGA vanse redobrar esforzos ou máis ben vanse unificar e facer máis rendíbeis?

-Coa posta en marcha da AMTEGA promovemos un modelo de xestión integrada para prestar mellores servizos, máis eficaces e con menor custe, evitando duplicidades administrativas e establecendo unha preparación de traballo por obxectivos. Ao unificar baixo unha mesma dirección todos os recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxicas da Xunta conseguiremos suprimir polo menos 15 departamentos administrativos con competencias duplicadas e acadar un aforro de espazo do 40% e de custos do 20%, é dicir, 20 millóns de euros anuais. Esta optimización do gasto aumentará a nosa capacidade para reinvestir en proxectos TIC innovadores no sector público galego.

Ademais, a Axencia posibilitará a redución de entre o 25% e o 30% os custos de adquisición de sistemas e infraestruturas tecnolóxicas en tres anos; o gasto de persoal nun 23% nesta lexislatura e un 50% dos custos na coordinación de proxectos no 2014.

-Vaise crear algún organismo novo para o fomento e afianzamento das redes ou todo o que se faga a partir de agora vaise facer, por forza, no seo de AMTEGA?

-Galicia xa conta cun operador público que é RETEGAL que tamén pasa a depender da Axencia e que está a xogar un papel fundamental no despregamento das redes de telecomunicación no noso territorio. A estratexia de telecomunicacións que vimos desenvolvendo nestes 3 anos en Galicia, permitiunos non só rematar con éxito a transición á TDT, senón aproveitar as infraestruturas de telecomunicacións públicas para o achegamento de internet ao rural a través do Plan de Banda Larga, sen esquecer o logro de por en marcha un proxecto de Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Comunidade autónoma, e dar así resposta a unha necesidade histórica. E todo isto conseguindo ademais, que desde 2009 RETEGAL multiplicase case por dous os ingresos procedentes de servizos prestados a empresas do sector das telecomunicacións e reducise en máis dun 51% os ingresos procedentes de axudas e subvencións das Administracións. En definitiva, unha estratexia que está a dar os seu froitos e que se verá culminada nesta lexislatura coa primeira Lei para Galicia en materia de telecomunicacións que está nestes momentos en tramitación.

-A Axencia terá entre os seus cometidos a creación e impulso de 17 proxectos TIC. Algúns xa están e marcha pero outros están en fase de preparación. Que nos pode avanzar destes últimos?

-A entrada en funcionamento no verán do Centro de Proceso de Datos Integral será un dos fitos máis relevantes do proxectos que a AMTEGA ten en marcha e que ademais, una vez integrados nel todos os servizos, será unha infraestrutura clave para impulsar a innovación nos servizos públicos. Como saben o CPDI non só dará servizo a Administración autonómica senón tamén a concellos, universidades deputacións... e unha das iniciativas que imos por en marcha este ano é o Catálogo de Servizos Dixitais compartidos coa Administración Local, establecendo solucións comúns que permitan reducir custes, utilizando o CPDI como centro de aloxamento e respaldo para as administracións locais

No ámbito empresarial estamos a traballar no deseño dun programa para o impulso e fortalecemento do Sector TIC galego co obxectivo de axudar á consolidación dun sector empresarial competitivo, innovador e xerador de emprego que actúe como motor do resto de sectores estratéxicos de Galicia.

En calquera caso, en tres meses aprobárase o contrato plurianual de xestión da Axencia que establecerá os obxectivos claves para os vindeiros tres anos que, como non pode ser doutro xeito, irán encamiñados a consolidar a vertebración dixital de Galicia, a modernización dos servizos públicos e a creación de proxectos de innovación tecnolóxica en áreas estratéxicas para a Comunidade.

O portal Abert@s informa á cidadanía sobre a Administración galega

A Xunta de Galicia vén de crear unha web que dá acubillo a toda a información xerada pola Administración galega e os seus organismos, de maneira que poda ser reempregada pola cidadanía e empresas interesadas. Falamos de Abert@s (abertos.xunta.es), unha plataforma coa que se pretende recoller e pór a disposición dos internautas todos cantos documentos sexan xerados pola Administración, mais iso si, en formatos abertos e estándar de xeito que, sen perder calidade e fiabilidade, poidan ser empregados con calquera programa informático.

Este catálogo en liña de información pública é de acceso libre e de balde, e contén tanto documentos en código privativo como artigos en formatos interoperables, seguindo así a liña do Plan FLOSS do Executivo de darlle *"promoción, difusión e fomento ao emprego de tecnoloxías baseadas en software libre"*. Así o explicou na presentación do portal a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Mar Pereira, quen dixo que esta iniciativa de Open Data xera *"emprego e riqueza ao abrir a posibilidade de novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear novas aplicacións e prestacións en base a esta información"*. Segundo afirmaron os seus responsables, a ferramenta é especialmente útil asemade para a industria de contidos dixitais do noso país, onde os seus axentes *"atoparán materias primas para crear novos produtos e servizos e aplicacións de valor engadido"*.

Entre as aplicacións que o empresariado e a cidadanía lle poden dar á información administrativa, financeira, xurídica ou económica xerada arredor desta web, destacan os mapas de incidencias nas estradas, buscadores de oferta formativa, aplicacións para coñecer o estado das mareas, buscadores de farmacias de garda, transporte público en tempo real, mapas turísticos, mapas de equipamentos públicos... e todo un abano de posibilidades que se amplía conforme medra a creatividade e capacidade de innovación das persoas usuarias. As primeiras informacións xa dispoñibles no portal Abert@s conforman un catálogo de 250 documentos de diferentes áreas de información.



Pulo ao expediente xudicial electrónico

A Xunta e o Consello Xeral do Poder Xudicial colaborarán para optimizar o uso da plataforma de interoperabilidade do CGPJ e impulsar a implantación do expediente xudicial electrónico. Así se recolle nun protocolo de colaboración que vén de ser aprobado no Consello do Goberno galego. O obxectivo final do acordo asinado entre AMTEGA e a Consellería de Presidencia é poñer á disposición das oficinas xudiciais galegas o acceso á plataforma de interoperabilidade do CGPJ, o Punto Neutro Xudicial, e a toda a información e servizos que se prestan a través do mesmo. Esta plataforma tecnolóxica ofrece 34 servizos e consultas ás oficinas da Administración de Xustiza e se prevé que neste ano acade os 15 millóns de visitas anuais. Entre as liñas de colaboración que establece o protocolo contémplase, ademais de manter e optimizar a infraestrutura do Punto Neutro Xudicial, desenvolver novos servizos e facilitar a integración da aplicación de xestión procesual cos servizos que se prestan a través desta plataforma.

EMIGRACIÓN 2.0

Alba de Groria traballa nun documental audiovisual sobre a nova diáspora galega

Se hai cousa de setenta anos existise Internet e as redes sociais, seguramente o día a día dos nosos avós e antergos que se viron na obriga de emigrar para poder manter ás súas familias, sería totalmente diferente.

Para comezar, a morriña, sempre presente aínda hoxe (non nos enganemos), sería máis levadeira, e o contacto cos seres queridos e amores de verán podería ser posible na distancia por moitos quilómetros que os separaran da persoa emigrada. Tampouco habería que agardar semanas a que chegara a correspondencia coas novas acaecidas no lugar, nin enviar cartos ou fotografías de gran valor sentimental por correo ordinario, correndo o risco de que non chegaran nunca ao seu destino.

O exemplo de que a realidade sería moi distinta témolo nos máis de setenta mil galegos en idade de traballar que segundo datos do INE se atopan fóra de Galicia, que dende a Asociación Alba de Groria chamaron *"a nova emigración 2.0"*, e que se trata dunha diáspora que está conectada a Galicia permanentemente a través das redes sociais e das demais Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Esta nova emigración 2.0 tamén é máis crítica coa realidade social e política ca os seus antecesores emigrados dende finais do século XIX, e están ao día do que sucede na súa contorna natal, case máis que os que viven preto dela.

Esta Asociación, preocupada por revelar a situación desta nova xeración de emigrantes alén das nosas fronteiras e estudar as consecuencias que traerá esta emigración masiva de xente moza, está a traballar nun documental audiovisual sobre a Nova Diáspora Galega, coa que chamar á reflexión de toda a sociedade.

O traballo consiste en atopar galegos residentes no estranxeiro e darlles voz, para que tanto en Galicia coma fóra da comunidade se coñezan as súas historias.

Desde xeito, en palabras dos seus responsables, *"poderemos analizar en profundidade o novo perfil de emigrante, a súa relación coa terra, o contexto en que se produce a nova onda migratoria e que repercusións ten e terá o fenómeno para Galicia"*.

"Trátase de conectar a xente do país - afirma o presidente de Alba de Groria, Silvio Falcón – coa realidade da diáspora e viceversa. Galiza é a síntese desas dúas realidades, e non debemos esquecelo", resalta.

O proxecto audiovisual, que se está a difundir a través das redes sociais e do blog Documental Diáspora (documentaldiaspora.tumblr) para chegar a un maior número de persoas, chama á colaboración dos galegos e galegas que residan no estranxeiro e que, segundo a Asociación, *"xogarán un papel importante á hora de modelar o resultado final"*.

Sae á luz o segundo DVD de Ben Falado

As persoas que gustamos do programa de televisión Ben falado estamos de celebración, porque temos xa, nas principais librarías de Galicia, o volume 2 do DVD recompilatorio do microespazo que emite a TVG, así como o material para a súa visión e descarga dende a sección de Televisión á carta incluída na web institucional da CRTVG.

Así o anunciou o secretario de Política Lingüística, Valentín García, quen aproveitou para lembrar que o obxectivo deste programa é *"introducir o noso idioma en todos os fogares galegos da man dun produto ameno e de calidade e mais proxectar unha imaxe positiva da nosa lingua propia que esperte o interese por ela"*, ao que engadiu que *"ao converter eses programas de televisión nun DVD tamén conseguiremos poñer produtos audiovisuais de cultura en galego a disposición do público"*, *"dándolle así cumprimento a outro dos fins establecidos no marco do propio PXNLG"*, puntualizou.

Este segundo volume do DVD Ben falado! inclúe 108 capítulos escolmados dos 230 que conforman a segunda tempada do microespazo emitido pola Televisión de Galicia e polas súas canles internacionais entre o 7 de xuño de 2010 e o 22 de abril de 2011, na que o Ben falado! introduciu como novidades temáticas o tratamento da orixinalidade do galego no seo da familia latina, os trazos distintivos das linguas que estreman co galego e un noticiario internacional de ecoloxía lingüística.

Este DVD será distribuído por todos os centros educativos de Galicia, os centros de estudos galegos de España e do estranxeiro dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e polas bibliotecas das entidades adheridas á Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia.

Asemade, chegará a outros centros educativos nos que se imparten materias de lingua galega no estranxeiro como os centros educativos cataláns adscritos ao proxecto Galauda, os que participan no Programa para a promoción do galego en Castela e León, o Instituto Cañada Blanch de Londres e o Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires.

CALIDADE DE VIDA

InfoJC bota man de tecnoloxía de Gradiant para facilitar a tódolos colectivos as vantaxes do fogar dixital

A empresa de Vigo InfoJC vén de adquirir unha licenza de recoñecemento biométrico desenvolvido polo centro galego Gradiant. Con esta tecnoloxía, a firma galega proxecta unha manchea de novidades para o ámbito doméstico-tecnolóxico, con vistas a centrar o labor de desenvolvemento nos colectivos con meirande risco de exclusión dixital. Máis polo miúdo, InfoJC facilitará o acceso a servizos, contidos e comunicadores dos usuarios do fogar dixital "*con máis limitacións, xa que estes poderán ser recoñecidos de xeito biométrico, co fin de incrementar a súa calidade de vida e a súa accesibilidade*".

Control acceso web

Por outra banda, a adquisición tamén suporía, en palabras de InfoJC, un pulo decisivo á transferencia de coñecemento na nosa terra, amosándose polo miúdo as moitas vantaxes xeradas a través da colaboración entre un centro tecnolóxico e unha empresa, neste caso unha PEME, *"o tamaño de empresa menos habitual neste tipo de operacións"*. Isto vén a conto polo seguinte dato: a preocupante situación de España a nivel mundial no eido da innovación empresarial. De feito, o país ocupa o posto 39 no ranking, cunha baixada progresiva. Isto, informa InfoJC, *"está directamente relacionado co desaproveitamento do coñecemento desenvolvido por centros, universidades e investigadores na empresa; debemos recordar que España é un dos países con máis de mil publicacións científicas ao ano, que, porén, teñen unha escasa aplicación e un impacto deficiente no mercado"*.

O acordo establecido entre Gradiant e InfoJC, engaden, representa unha inversión desta tendencia e unha proba palpábel de que é posíbel levarlle a contraria ás estatísticas.

O desenvolvemento transferido consiste nun motor de recoñecemento facial e identificación biométrica que abrolla, directamente, das investigacións nas que Gradiant leva xa un tempo traballando e das que temos falado xa na revista Código Cero. Esta tecnoloxía busca facilitar o acceso a servizos, contidos e comunidades, facendo especial fincapé, como dixemos, nas persoas con dependencias ou con diversidades funcionais ou de tipo motriz. Esta colaboración tecnolóxica, que non é nova no ámbito Gradiant-InfoJC, é "*un novo exemplo de posta en valor e colaboración nun intre onde a competitividade por medio da innovación preséntase como unha necesidade*", manifesta a empresa.

Para Javier Cebreiros, responsábel de Proxectos de InfoJC, estamos ante a manifestación dunha estratexia, a de buscar innovación de vangarda na nosa terra, de gran potencial: "*Se en Galicia contamos con centros de excelencia, porque buscar fóra o coñecemento? Ou peor aínda: por que desenvolvelo un mesmo? A colaboración con Gradiant foi excepcional e seguirá tendo éxito, facéndonos tirar proveito das nosas capacidades ao máximo*".

Luis Sestelo, xerente do Gradiant, opina o seguinte sobre esta colaboración: *"Tanto no noso centro como nos diferentes axentes de investigación da Comunidade temos moito coñecemento de valor para as empresas, a clave está en adaptalo á realidade do mercado e transferilo, moito máis nunha situación como a actual"*.

Jorge Cebreiros elixido presidente de CONETIC

A Asemblea da Confederación Española de Empresas de Tecnoloxías da Información, Comunicacións e Electrónica (CONETIC) elixiu aos membros do seu novo Comité Executivo, que estará presidido por Jorge Cebreiros en representación de Ineo, quen ocupará o cargo durante os vindeiros 2 anos. Cebreiros, que ademais de ser presidente de Ineo tamén é socio director da empresa galega InfoJC, declarou que "*é toda unha satisfacción asumir o grande reto de representar ás asociacións e empresas que forman parte de CONETIC ante as principais institucións, organizacións empresariais e do noso sector, tanto de ámbito nacional como internacional*".

Entre os obxectivos marcados para o novo Comité Executivo está o reforzamento da posición de CONETIC como interlocutor do sector con institucións, organizacións empresariais e representantes doutros sectores produtivos. Dende a asociación Ineo que preside Cebreiros consideran que o feito de que a presidencia de CONETIC recaese neste organismo facilitará o posicionamento do sector TIC de Galicia nos ámbitos nacional e europeo, factor chave para a captación de fondos coma o Plan Interconecta.

REVALORIZANDO O NOSO PATRIMON

Galiciana é a Biblioteca dixital de Galicia, que ofrece aos usuarios unha eno colección en rede de reproducións dixitais de documentos orixinais das nos bibliotecas

Máis datos en www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es

Sempre é importante, dende as institucións públicas, estar ao tanto das demandas sociais no eido documental e tecnolóxico. E das posibilidades que os novos desenvolvementos científicos e técnicos achegan á sociedade. Pero en época de cambios e transformacións como a que estamos a vivir, épocas de crise, non só é importante, é fundamental. Cos proxectos que a Xunta de Galicia, e dende a Consellería de Cultura, está a pór en marcha ou desenvolver, revalorízase o patrimonio cultural galego como instrumento para a articulación da identidade cultural galega, real e documentada, e afastada de apriorismos. Axudarase tamén ao establecemento de políticas de desenvolvemento sostible, baseado nesa posta en valor do patrimonio, e na creación dunha industria do sector cultural proxectable a múltiples áreas, e creadora de novos nichos de traballo.

No eido das bibliotecas e da documentación, a dixitalización do patrimonio e da información, o seu resultado máis coñecido: as que denominamos bibliotecas dixitais, supuxeron e supoñen neste intre un desafío que vai alén dos aspectos tecnolóxicos que soportan este extraordinario fenómeno.

A repercusión social e cultural que estes novos medios están a producir, e o amplo abano de posibilidades que se abren ante os usuarios da sociedade galega e da sociedade mundial, no noso caso, que poida interesarse en calquera momento pola nosa cultura e pola nosa produción cultural.

O novo paradigma que as redes teñen introducido na nosa sociedade, e a importancia de que as institucións públicas adoiten un papel activo e mesmo líder nestes eidos é sen dúbida postura compartida pola maioría dos cidadáns. Sobre a súa incidencia no mundo das bibliotecas e no mundo da cultura galega. Sobre os logros e as expectativas que dende a Biblioteca de Galicia se están a propor, cara ao desenvolvemento e cara á súa proxección e integración internacional, é sobre o que tratan as palabras que resumimos aquí. O noso proxecto é de longo percorrido. Renovado día a día, pero pioneiro en España no mundo da dixitalización.

Denominamos a este proxecto Galiciana, repositorio e sistema de almacenamento, xestión e difusión dixital que ofrece aos usuarios unha enorme colección en rede de reproducións dixitais de documentos orixinais de bibliotecas de Galicia. Unha das súas liñas xerais é a de establecer un programa estratéxico de actuación a definición dunha amplía política de dixitalización, entendendo por tal, no só o escaneado dos diferentes documentos, materiais bibliográficos ou artefactos artísticos ou arqueolóxicos, senón a asignación dos correspondentes esquemas de metadatos que faciliten a visibilidade da información, así como o intercambio, a recuperación e a preservación dixital a longo prazo, e, ademais, a política de creación de acubillos e recolectores para recuperar a información nun modelo claramente distribuído,

NIO

rme
sas

Fotos: Manuel G. Vicente

que ademais permita, por último, a preservación a longo prazo dos materiais dixitalizados nun acubillo deseñado para ese fin.

Imos con este fin a expor a proposta sobre a que estamos a traballar, que descansa especialmente en seis eixes de traballo:

- Novos contidos
- Ampliación a novos contornos: arquivos e museos
- Desenvolvemento de recursos didácticos
- Novas tecnoloxías e normativas
- Integración a nivel de Galicia
- Integración internacional.

Os contidos

Os primeiros pasos da Biblioteca Dixital de Galicia foron dados sobre a nosa prensa escrita, que segue a supoñer a base fundamental de Galiciana. Non era só a importancia documental para todo tipo de investigadores. Era tamén un material especialmente delicado, que debía ser dixitalizado canto antes para facilitar a súa conservación.

Pero non é o único. Aínda que en menor medida, monografías e manuscritos forman una parte da oferta documental de Galiciana, o mesmo que novos soportes impresos, entre os que destacamos a colección de cartografía de Galicia.

Pero tamén se está a traballar na arquitectura de bibliotecas dixitais de fondos sonoros e audiovisuais, dos que Galiciana conta con importantes fondos patrimoniais, tanto de voz como musicais. Galiciana desenvolve novas directrices para dixitalización de material sonoro ao tempo que establece estruturas de almacenamento e difusión dos materiais, para dar acceso dos mesmos aos potenciais usuarios.

O proxecto inclúe, amais da integración de normativas e arquitecturas dixitais axeitadas, unha política por parte de Galiciana de recuperación e dixitalización de novos fondos e un proxecto de integración de iniciativas galegas nunha plataforma de interoperatividade que permita o traballo e, sobre todo, o acceso común, en Galicia e fóra de Galicia.

É importante sinalar neste sentido a importancia que pode supor a integración na Biblioteca de Galicia dos fondos do arquivo sonoro do Consello da Cultura Galega e as posibilidades de colaboración que iso supón. A integración de sistemas e normativas, dentro da autonomía que se mantén nos proxectos, e o efecto chamada da existencia desta estrutura, suporá un novo pulo de desenvolvemento nun ámbito novo no que Galicia pode ser dunha vez máis punteira e innovadora. Galiciana xa proporciona a consulta, lectura e descarga de 3.642 obras entre as que salientan 75 manuscritos, 3.139 libros impresos do século XV ao século XX, 260 cabeceiras da prensa galega (polo momento, pódese acceder en Galiciana a máis de 1.200.000 paxinas dixitalizadas correspondentes a 136.751 obxectos dixitais) e 186 de cartografía, que se está a estender como dixemos, de xeito progresivo e constante, a outros materiais como gravados, debuxos, carteis, fotografías, gravacións sonoras e gravacións audiovisuais...

Integración doutros contornos: arquivos, museos, etc

Galiciana, como Europeana, pretende ampliarse a eidos culturais como arquivos ou museos. Segue nisto a política xa iniciada pola Comisión Europea, que vendo o bo resultado que adquiría o proxecto Digital Libraries, ampliou o contido deste, primeiro aos arquivos e museos e en xeral ao patrimonio moble e inmoble, e con posterioridade tamén aos artigos e proxectos de investigación, os e-prints. As estruturas das bibliotecas dixitais actuais, coa integración de metadatos e a interoperatividade que as novas normativas permiten entre diferentes plataformas, favorecen proxectos deste tipo.

Dende un único portal, e a través de criterios de busca sinxelos e asumibles por calquera usuario, unha única solicitude de información (o nome dun persoeiro galego, por exemplo), pode, e poderá sobre todo no futuro, conducir tanto a material dixital procedente de bibliotecas, como obras impresas, biografías, fotografías, retratos gravados, etc., como a material arquivístico (escrituras, asentos en rexistros, documentos xudiciais, económicos ou políticos, etc.) e mesmo material museístico, obxectos

ou obras de arte, arquitecturas e mesmo contornos que tivesen relación co persoeiro solicitado.

Con ese fin, ademais, e no espazo específico dos arquivos, o Arquivo de Galicia está a estudar a implantación dun módulo icónico específico para arquivos (a estrutura documental dos arquivos e dos seus instrumentos de descrición, en varios niveis, é diferente da das bibliotecas). Este módulo non so permitiría a creación dunha oferta dixital propia e adaptada ás súas específicas características sobre documentación arquivística galega, senón tamén a súa integración con estruturas dixitais bibliotecarias e a súa adaptación ás normativas de proxectos internacionais como o de Europeana

Desenvolvemento de recursos didácticos

Tamén se accedería dende esa única busca a material didáctico de uso por alumnos ou profesores. O emprego didáctico e o aproveitamento para fins e actividades educativas, regradas ou non regradas, é un dos desafíos fundamentais das bibliotecas dixitais do contorno cultural. Non só como forma de difusión entre as novas xeracións dos documentos dixitalizados nestas plataformas e da información que conteñen. Tamén, e sobre todo, como forma de *"formación de usuarios"*, nos que o novo paradigma que se ten desenvolvido nos últimos anos arredor das novas tecnoloxías da comunicación e da información poda converterse nunha nova forma de acceso, busca e investigación. No que o vello obxectivo de reemprazar o coñecemento bruto e memorístico, polas *"destrezas"* na recuperación, na crítica e valoración de recursos, e no emprego práctico e creativo dos recursos accesibles, esencialmente na Rede, sexa una realidade cada vez máis presente no noso contorno educativo. A Biblioteca de Galicia, usando os seus propios recursos, pero centrándose especialmente nas posibilidades de espazos como Galiciana, está a desenvolver un portal de recursos educativos que reúna as ofertas neste ámbito do proxecto dixital galego. De xeito paralelo, está a desenvolver elementos concretos e específicos deste contorno, como unidades didácticas para diferentes niveis, acubillos para recursos educativos, etc.

As novas tecnoloxías e normativas

Galiciana supón un avance no que respecta á adopción de novas tecnoloxías de almacenamento e difusión dos contidos dixitais. Non se trata da adopción de tecnoloxías polo simple feito de seguir correntes ou de estar mergullados nas últimas tendencias. Ao contrario, isto ten o obxectivo de facer visible na Rede a cultura galega, de buscar as aplicacións, sintaxes, módulos, arquitecturas, esquemas, que convertan á nosa cultura, os contidos na nosa cultura, en obxectivos accesibles, visibles, integrables, dentro do mundo dixital, dentro do interminable e inmenso labirinto da rede de redes.

Cómpre non perder a perspectiva de proxectos que supoñen un importante investimento, de longa duración ademais no tempo. É a cultura galega o que estamos a difundir, na propia Galicia, nas súas bibliotecas e colexios, nas universidades, nos centros e institucións de investigación e nos domicilios de todos nós, e ademais fóra de Galicia, en plataformas internacionais, integrados con proxectos de ámbito europeo e internacional, onde o noso patrimonio poida ser accesible de xeito doado a cantos naveguen nos contornos dixitais das bibliotecas electrónicas.

E as tecnoloxías están para apoiar estes obxectivos. A súa adopción busca facilitar os fins culturais que dirixen o noso camiño. E se procuramos ser punteiros neste ámbito é porque devecemos por selo na visibilidade da nosa cultura. A iso van dirixidos os nosos esforzos. Contamos cun módulo icónico, un sistema de xestión de imaxes dixitalizadas e dos datos que as acompañan e permiten a navegación e a busca, o primeiro desenvolvido en España, unha moderna aplicación que permite a xestión dos contidos dixitais de calquera tipo ou soporte.

A solución informática de Galiciana, por outra parte, dispón duns programas especializados (sitemaps) que permiten que os grandes buscadores como Yahoo! e, sobre todo Google, privilexien os rexistros incluídos en Galiciana, que con moita frecuencia aparecen como a primeira resposta, cando se utiliza Google o Yahoo!

Estes programas informáticos non só permitirán a edición na Rede, o acceso a través dos grandes buscadores ou a presenza da cultura galega en liña, seno tamén, mediante funcionalidades máis apegadas á funcionalidade dos traballos, controlar, e supervisar, a política de adquisicións, doazóns, depósito legal, proceso técnico, información bibliográfica, arquivística ou museolóxica, e o correspondente control orzamentario. Galiciana ten adoptado xa hai tempo tecnoloxías XML (baseada en distintas DTDs e esquemas de XML, fundamentalmente o XML MARC Schema e os METS) e, o que é de especial



importancia a nivel internacional, adopta a normativa OAI (Open Arquives Iniciative), que permite o acceso libre ós contidos da Biblioteca, e a normativa complementaria a esta última para *"recolección de metadatos"* (Metadata Harvesting) sobre a que se está a asinar o convenio para que Europeana incorpore e empregue os metadatos incluídos na nosa biblioteca dixital.

Integración a nivel de Galicia

Conscientes da importancia de adoptar directrices comúns na elaboración de proxectos dixitais, a Consellería de Cultura, a través dos servizos técnicos da Biblioteca de Galicia, vén de elaborar unhas directrices para proxectos de dixitalización en Galicia que incorporan as normativas europeas e internacionais para este tipo de traballos, marcan calidades mínimas e formatos para usar e desenvolven perfís propios para os proxectos galegos. Con esta normativa preténdese facilitar a integración dentro da propia Galicia dos diferentes proxectos en marcha ou dos futuros, co fin de que as buscas e traballos podan realizarse de forma integrada e común.

Integración internacional

O proxecto pretende non só a dixitalización dos fondos senón tamén a normalización do acceso mediante a aplicación de normativas abertas e internacionais, co fin de facilitar a máxima visibilidade da biblioteca e de cada unha das súas obras. E para facer efectivo isto, xa dende un primeiro intre, a aplicación que xestiona o contido icónico e dixital de Galiciana deseñouse coas características técnicas, normativas e solucións informáticas precisas para que fose recollida de contado polo proxecto español de Hispana e do gran proxecto europeo de Europeana.

O proxecto de Europeana é arestora o proxecto estrela da Unión Europea para a creación dun entorno dixital, sobre todo para o patrimonio cultural. A Unión Europea, xa dende a Axenda de Lisboa, privilexiou o proxecto The Digital Library que en último termo é a orixe de Europeana, e nela, como dixemos, Galiciana está presente dende o primeiro intre. De maneira simultánea o seu repositorio foi validado polos grandes proxectos internacionais e en particular pola Open Archives Initiatives (OAI) da Universidade de Michigan, que xa conta con máis de 21 millóns de obxectos dixitais de todo o mundo, e que logo pasou a ser xestionada por Online Computer Library Center (OCLC), que xestiona tamén o WorldCat con máis de mil millóns de rexistros, entre os que sen dúbida xamais, e moito menos nesa proporción, atopáronse tantas testemuñas do patrimonio histórico galego. Para este ano está prevista a integración na World Digital Library, cunha escolma de obras en galego.

Hoxe Galiciana é xa o primeiro provedor de datos a Hispana e o segundo provedor de datos español de Europeana, segundo ROAR (Registry of Open Access Repositories).

Fonte da información: José Ignacio Cabano Vázquez. Responsable do proxecto Galiciana. Biblioteca de Galicia.

Ligazóns dos proxectos nos que participa Galiciana

Europeana
http://www.europeana.eu/portal/
Europeana local
http://www.europeanalocal.eu/
Hispana http://hispana.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion
OCLC
http://www.oclc.org/oaister/
ENUMERATE (A European Survey for Statistical Intelligence on Digitization, Digital Preservation and Online Access to Cultural Heritage)
http://enumerate.eu/
EROMM (European Register of Microfilm and Digital Masters)
http://www.eromm.org/

Presentación

Galiciana é a Biblioteca Dixital de Galicia impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura e xestionada pola Biblioteca de Galicia co obxectivo de difundir e preservar o rico acervo bibliográfico galego. O proxecto pretende non só a dixitalización dos fondos senón tamén a normalización do acceso mediante a aplicación de normativas abertas e internacionais, co fin de facilitar a máxima visibilidade da biblioteca e de cada unha das súas obras. Galiciana integra, ademais de fondos da propia Biblioteca de Galicia, recursos das principais bibliotecas patrimoniais galegas e de centros galegos en América. Intégrase en Hispana, o directorio e colleiteiro de recursos dixitais españois e en Europeana, a Biblioteca Dixital Europea xurdida como unha forma de contribuír á preservación e difusión do patrimonio bibliográfico e co fin de mostrar ao mundo a riqueza cultural dos pobos de Europa.

GALICIA 24 HORAS

NOVO MEDIO GALEGO NA REDE

Galicia24horas.es: información actualizada e multimedia para tódolos nosos internautas, estean onde estean

Despois dun período de probas de varias semanas de duración, temos xa un novo medio dixital en pleno funcionamento na Rede. Trátase de Galicia24horas (galicia24horas.es) unha iniciativa dun equipo de profesionais que teñen a arela de ofertar, cun criterio de actualización permanente, as novas de interese para os galegos, *"procedan de onde procedan"*, sinalan os seus responsábeis. Galicia24horas diríxese a conseguir que os seus seareiros sexan tamén lectores, oíntes e telespectadores, a través dunha estratexia multimedia no que, ademais dos compoñentes comunicacionais habituais como son o texto e a fotografía, introdúcese material de audio e vídeo e mesmo conexións en directo con aqueles puntos susceptibles de recoller a información en tempo real.

En Galicia24horas resulta habitual, pois, atopar varias opcións de conexión en directo na columna dereita da web, na que varios elementos intermitentes permiten acceder a un pleno ou comisión parlamentaria sexa na cámara lexislativa autonómica, sexa do Congreso ou do Senado, ou acceder ás roldas de prensa da Moncloa, posteriores ao Consello de Ministros. En adiante, a redacción do xornal incorporará novos destinos nos eidos da cultura e do lecer.

Para os contidos de texto, os promotores optaron por conxugar os dous idiomas, galego e castelán, *"nunha marcada posición a favor da implantación real do bilingüismo nos medios de comunicación escritos e audiovisuais"*, aclaran.

A web está editada por Galega de Comunicación e Información S.L, e é accesible a través dos dominios galicia24horas.es, galicia24horas.com e tamén nun terceiro, non moi usual pola súa configuración de só tres caracteres: g24.es

As novas dos outros medios

Outra oferta singular de Galicia24horas vén dada polas presenza desde moi primeira hora das portadas dos xornais galegos nun espazo dinámico que permite ollalas en movemento e deter cada unha das que máis interesen para situarse mediaticamente no día. A isto contribúe tamén *"un singular resume de prensa coa actualidade dos medios de ámbito nacional organizado por temas, con especial atención ós editoriais e dispoñible en PDF, que permite ter unha visión global da actualidade cada mañá"*, informan os responsábeis do novo medio.

O 28 DE ABRIL TOCA TRADUCIR

O *Fiadeiro* da USC fai un chamamento para acadar a máxima localización de programas libres á nosa lingua

Fotografía da edición de 2009, publicada en Picasa por Gatonegro

Imaxe do Fiadeiro celebrado en maio de 2009

Xuntos para traducir ao galego programas abertos e, de paso, divulgar as vantaxes deste traballo e preparar o camiño para outras achegas colectivas. Este é o alicerce das sesións de localización de software libre que leva anos organizándose ao acubillo da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (usc.es/etse), os chamados Fiadeiros dos que xa temos falado polo miúdo en Código Cero, na súa edición 2010 ou na de 2011. Este novo encontro, o IV ETSE Open de SL (usc.es/etse/cnl/fiadeiro), así se lle coñece tamén, vén da man da Comisión de Normalización Lingüística da Escola, do Servizo de Normalización Lingüística da USC e máis do Proxecto Trasno.

Nesta ocasión, a organización do IV ETSE Open de SL propónse como obxectivo verter ao galego o editor de HTML BlueGriffon, o subtitulador de vídeos Universal Subtitles e a axuda de parte do Libre Office, o paquete ofimático de código aberto (de balde e a día de hoxe xa localizado ao galego) desenvolvida por The Document Foundation como unha bifurcación de OpenOffice. Todo se fará en tres sesións, os días 19, 26 e 28 de abril. Destas xornadas, dúas serán de formación para metérmonos de cheo no proceso de tradución (19 e 26 de abril) e unha delas, a derradeira, servirá para a localización e o lecer propiamente ditos, o sábado 28 de abril a partir das 10.00 horas.

A tradución destas aplicacións faranas as persoas asistentes ao Fiadeiro, que logo da fase de preparación traballarán no miolo do labor por parellas, a cada unha das cales se lle encomendará unha aplicación, e para iso contarán co asesoramento dos profesores do Fiadeiro, Antón Méixome e Enrique Estévez. Nesa xornada práctica partillarán ademais un lixeiro xantar, música e algunha proposta de lecer.

Os obxectivos desta actividade son, unha vez máis, fornecer formación técnica para a tradución de programas abertos á nosa lingua, contar con ferramentas que se integren na Universidade de Santiago, impulsar a comunidade universitaria de localización e reivindicar o galego e máis o coñecemento e o uso do software libre.

Ademais do recoñecemento de créditos, do diploma de asistencia (por 15 horas), de constancia da experiencia de tradución, hai un premio á parella que máis cadeas traduza e con maior calidade.

O IV ETSE Open de SL / Fiadeiro de localización de software libre está aberto a toda a comunidade universitaria da USC: alumnado, PDI e PAS.

Desenvolvemento da xornada de localización

Como diximos, a localización farase por parellas, ás que se lles achegará o material e un ordenador coas ferramentas necesarias e conexión a Internet. Encomendarásellse unha aplicación ou un conxunto de cadeas para traducir a cada parella, das seguintes:

- **Universal Subtitles.** Unha aplicación en liña para subtitular vídeos (9092 palabras).
- **Axuda en liña do Impress de Libre Office** (14 pequenas páxinas con 250 palabras cada unha).
- **BlueGriffon.** Editor de html e páxinas web, herdeiro da familia de editores de Mozilla como Kompozer, NVU, etc.(6000 palabras).

O profesorado, informa a organización, estará dispoñíbel durante toda a xornada de localización para resolver dúbidas. E engádese sobre o desenvolvemento do día de traballo: *"Dado que se trata dunha actividade continuada desde as 10 ata as 19 horas, haberá petiscos, bebidas e música para facer descansos a media mañá e a media tarde; haberá tamén un lixeiro xantar común ofrecido pola organización".*

O coordinador académico da actividade será Xosé Manuel Pardo López, profesor titular do Departamento de Electrónica e Computación. Tamén se contará con Enrique Estévez Fernández, coordinador do equipo galego de localización dos produtos de Mozilla e membro do Proxecto Trasno, e con Antón Méixome, lingüista e coordinador do equipo galego de localización de OpenOffice e LibreOffice e membro do Proxecto Trasno.

Para máis información sobre a actividade, cómpre que nos poñamos en contacto co Servizo de Normalización Lingüística, a través de usc.es/snl.

SOFTWARE DO PAÍS PARA XENTE DE TODO O MUNDO

Abril rebordou de innovación galega polos catro costados e dende as catro provincias: facemos reconto

» Intelixencia artificial da nosa terra para a industria agroalimentaria

A empresa Aukor, con sede na Tecnópole de Ourense, vén de rematar o desenvolvemento do que aseguran ser o *"primeiro sistema integral de xestión dotado con intelixencia artificial para a industria do sector agroalimentario"*, que xa de entrada resulta de utilidade para as plantas de procesamento de cereais (fariñeiras, panificadoras e fábricas de pensos, entre outras), e que co tempo pode atopar outras áreas de aplicación conforme se vaia

perfeccionando e estendendo o seu uso.

Trátase dun sistema de control integral mediante intelixencia artificial que, segundo afirman os seus deseñadores, *"é quen de tomar decisións que ata o de agora se tiñan que realizar mediante monitorizacións e correccións manuais"*.

Xa que logo, o mecanismo pode anticiparse e actuar de xeito intelixente sobre os procesos de fabricación dos produtos, seguindo unhas pautas establecidas e integrando novo coñecemento mediante un proceso de autoaprendizaxe, *"o que lle permite optimizar o rendemento da planta para que sexa máis eficiente e segura ao longo de todo o proceso produtivo"*, afirman.

Os seus fabricantes poñen como exemplo de eficiencia o rexeitamento automático de lotes que non acadan os estándares de calidade esixidos, ou tamén a corrección de cantidades de produto para acadar os niveis nutricionais axeitados, por exemplo, dos pensos.

Recoñecemento a un proxecto da UDC para axudar ás persoas con lesión medular

O Grupo RNASA-IMEDIR, da Universidade da Coruña, é responsábel dunha ferramenta que facilita o acceso ao computador de persoas con lesión medular. O recurso, desenvolvido polo equipo galego en colaboración coa Unidade de Lesión Medular do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, foi recoñecido cun galardón pola Fundació Agrupació Mútua de Barcelona. A distinción inclúe unha contía de 15.000 euros e foi concedida ao grupo polo seu traballo no desenvolvemento de contornos e aplicacións informáticas accesibles especialmente deseñadas para persoas con diversidades funcionais. En concreto, a investigación deste equipo permitirá ás persoas afectadas por lesión medular alta dispoñer dunha importante ferramenta que facilitará o seu acceso ao ordenador e por tanto a súa participación social.

Laura Calvo e María Vilas, vencedoras rexionais do YouTube Space Lab en representación de Europa

Finalmente as rapazas galegas que concorrían no certame YouTube Space Lab non obtiveron o título de campioas globais do certame, dentro da súa categoría de 14-16 anos, pero si que se impuxeron como campioas rexionais (por Europa) e deixaron claro que a nosa mocidade pide paso e que a innovación e a creatividade de primeira liña non ten por que vir sempre dos mesmos centros privilexiados do coñecemento. Laura Calvo e María Vilas, en representación de Europa, Oriente Medio e África, concorreron na dita categoría de idade co experimento Surfactant in microgravity. TecnoroisDous. As rapazas, naturais de Rois (A Coruña), viaxaron os días pasados a Washington para participar na recta final do evento, dando a coñecer a súa achega tecnolóxica, para a que contaron co pulo e axuda do profesor Javier Méndez, e que se baseou nun experimento sobre microgravidade, para o que usaron placas de metacrilato, auga, aceite e deterxente quitagraxas.

O concurso en cuestión veu da man de YouTube, Lenovo e Space Adventures.

Elogia presenta eMMa para botar unha man no mobile marketing

A empresa Elogia, con sede en Vigo, presentou recentemente no AC Cuzco de Madrid un novo servizo dirixido a facerlles a vida máis doada aos equipos de traballo especializados nas novas estratexias tecnolóxicas de promoción, publicidade e demais. O servizo, chamado eMMa, emmasolutions.net, é unha plataforma que integra, baixo un mesmo acubillo, labores ligadas á mobilidade e ao *marketing* dunha empresa, dous termos, en virtude do espallamento xeralizado de trebellos intelixentes, cada vez máis interrelacionados.

A plataforma, que recolle as siglas Elogia Mobile Marketing Analytics, foi dada a coñecer por Antonio Sánchez, director do departamento de publicidade ligado ás novas posibilidades, moitas e ben variadas, que ofrecen os devanditos trebellos.

Segundo fixo saber, trátase dun recurso específico que lle vai permitir a calquera firma crear o seu propio evento e dar forma ao seu propio *tracking*, deseñándoo á súa medida en función das súas necesidades. Isto significa, dixo, que teremos control total sobre as nosas aplicacións en teléfonos intelixentes, dándonos marxe para xestionar campañas, afianzar ligazóns cos clientes e usuarios móbiles ao tempo que os coñecemos mellor e temos un contacto directo.

Quefacer.com: buscador de lecer con feitura de rede social

Temos nova web galega á vista: quefacer.com. Tal e como se advirte no seu propio nome e segundo nos contan os seus responsábeis, estamos ante un recurso que nos vai axudar a artellar o noso tempo de lecer, cousa que se agradece. En primeiro lugar, porque a Rede é unha enleada de axendas, e sempre está ben que haxa recursos que clarifiquen, sinteticen e ordenen. En segundo lugar, porque sempre haberá cousas que se nos escapen. A vantaxe deste novo buscador, ademais, radica en que é unha rede social. Creada por Ramón Iglesias e Alberto Freaza, dous mozos da comarca de Vigo, a web permite facermos cousas como buscar eventos sen necesidade de estarmos rexistrados.

Asemade, permítenos publicar de xeito simultáneo en Facebook, evitando duplicidades de traballo e posibilitándonos tirar o máximo proveito de recursos para promover o noso evento. A gran arela de Ramón e Alberto foi achegar algo que fose claro e útil. Ou sexa, sinxelo e potente. *"Trátase de atopar o que queres"*, informan, *"cando queiras, onde queiras e sen esforzo"*. Ademais, a web é de balde.

Xa está dispoñible en galego o GNOME 3.4

Tras 6 meses dende a última entrega de GNOME, chega agora a versión 3.4 do sistema operativo de código aberto, que tamén está dispoñible totalmente localizado ao galego e supón un importante paso adiante para GNOME 3. GNOME 3.4 incorpora numerosas novidades como un buscador de documentos que permite acceder de xeito rápido a contidos almacenados nos noso equipo e na Rede, un desprazamento suave para moverse dun xeito máis elegante entre os contidos, novos menús de aplicacións, melloras de rendemento na interface de uso, corrección de numerosos fallos atopados en versións anteriores, o cambio de nome do navegador web Epiphany (que agora responde ao nome de Web) e moitas outras características desta revisión de GNOME 3 que centrouse especialmente no redeseño e no desenvolvemento das aplicacións.

Contact achega unha aplicación sobre a Ruta do Viño das Rías Baixas

Contact Comunicación, empresa galega recentemente premiada pola Asociación Ineo con motivo das múltiples vantaxes e potencialidades de Orama (tecnoloxía para facer do noso móbil unha xanela á información total dunha cidade), ten unha novidade importante que amosar no eido da telefonía como recurso multiuso de coñecemento. Máis polo miúdo, trátase dunha aplicación móbil para A Ruta do Viño das Rías Baixas, desenvolvemento que lle vai achegar a quen acceda ao itinerario información completa sobre tódolos recursos, turísticos, hostaleiros, gastronómicos, culturais, aos que dá acubillo.

A aplicación, informa Contact, pódese descargar de xeito gratuíto en rutadelvinoríasbaixas.com e preséntase dispoñíbel para os sistemas operativos Android e iOS. O desenvolvemento, que inclúe a posibilidade de emprazar xeograficamente calquera dos recursos nun mapa (co fin de facer máis doada a orientación do viaxeiro e establecer unha ruta guiada mediante GPS), achégase como unha ferramenta de consulta de datos a través de tecnoloxías avanzadas de realidade aumentada. Tamén incorpora un buscador para facilitar a localización dos datos sobre unha cuestión concreta do itinerario e unha axenda de eventos para poñernos ao día sobre espectáculos e celebracións que se organicen no roteiro e que podan ser de interese para os visitantes.

Trocobank consegue superar a liña das 1.000 empresas participantes

Trocobank, servizo galego para achegar crédito empresarial a través das canles máis innovadoras, vén de facer balance do acadado dende a súa posta en marcha a nivel internacional e cen por cen operativo, co comezo do pasado mes de marzo. Segundo nos contan dende Vigiliam, a rede empresarial galega responsábel deste novo acubillo de financiamento xa conta ao seu abeiro con máis de 1.000 empresas (autónomos e PEME) beneficiándose das súas vantaxes, 140 das cales teñen o seu emprazamento na nosa terra. Amais de por estas cifras, Trocobank tamén é novidade por un novo recurso posto en xogo: a entrada en escena dos emprendedores para axudarlles, dende o servizo de crédito, a que comecen a súa aventura no mercado, sinalan dende Vigiliam.

» Antena intelixente de Televés preparada para o dividendo dixital

A firma galega de telecomunicacións, Televés, non permitiu que o parón de Semana Santa baixara o seu ritmo habitual de innovación ao que nos ten acostumados dende que lanzou o seu Plan NP100, e vén de presentar, sen demora, unha antena especialmente deseñada para a recepción da TDT en interiores, que fai chamar Innova BOSS. Este revolucionario dispositivo electrónico vén preparado para a liberación do dividendo dixital e ademais regula automaticamente o nivel do sinal de saída, o que garante, en palabras dos seus responsables, *"a máxima calidade de imaxe e son, incluso en zonas de baixa cobertura"*, *"ao tempo que minimiza as interferencias causadas por movementos preto da antena ou do televisor"*, engaden.

Estamos a falar, polo tanto, dunha antena intelixente, que asemade é a primeira antena de interior *plug&play* do mercado. Os seus responsables informan que basta con colocala onde se desexe, en posición vertical ou horizontal e conectala, sen que sexa necesario orientala, o que facilita amplamente o traballo dos técnicos ou mesmo do *amateur* que se atreva coa instalación do fogar.

NOVA ARQUITECTURA DE SISTEMAS DA DEPUTACI

ALTA DISPOÑIBIL

Os servizos TIC achegados pola Deputación de Pontevedra veñen de tomar unha importante relevancia ao longo dos últimos tempos, debido á estratexia de modernización que a institución puxo en marcha e que incrementou de xeito notable os mesmos na propia institución. Ademais, a devandita estratexia provocará un importante aumento dos servizos prestados aos concellos da provincia e aos propios cidadáns nun corto espazo de tempo, o que fai indispensable contar cunha infraestrutura tecnolóxica eficaz, dinámica e que soporte servizos en alta dispoñibilidade.

Por este motivo, a Deputación, a través do servizo de Novas Tecnoloxías e dentro do proxecto eDepo, a administración nun "CLICK", puxo en marcha o novo Centro de Proceso de Datos. En paralelo a esta iniciativa abordouse a renovación dos sistemas incluídos no mesmo. Para este propósito contouse coa colaboración de IPM como integrador desta solución, polo seu alto valor no apartado de servizos e de experiencia en solucións semellantes tanto para a empresa privada como para a administración pública.

Situación de partida

Antes do inicio do proxecto, a Deputación contaba cunha infraestrutura tecnolóxica tradicional que limitaba o nivel de servizo prestado e implicaba uns custes operativos excesivos. De xeito adicional, non se dispuña dun centro de apoio cunha estratexia de continuidade do servizo e o modelo empregado requiría un sistema de atención continua ao cidadán e á propia organización, con independencia dos recursos técnicos dispoñibles e con total axilidade.

Descrición da solución

A Deputación conta arestora con dous Centros de Proceso de Datos, un principal situado no "Edificio Administrativo" da institución, e outro de apoio emprazado na "Cidade Infantil Príncipe Felipe".

Co obxectivo de tirar o máximo proveito dos novos CPD propúxose unha solución que cumprise cos seguintes obxectivos:

•Dispor de ámbolos CPD en modalidade activo/activo, co fin de maximizar o aproveitamento dos recursos e evitar cortes de servizo no caso de continxencia.

•Permitir o desacople dos sistemas de almacenamento e de cómputo, de tal maneira que se poida consumir tanto o cómputo como o almacenamento sen importar o seu emprazamento físico, é dicir, consumir infraestrutura como un servizo (IaaS), co obxectivo final de acadar un sistema "Cloud" privado.

•Garantir a alta dispoñibilidade dos sistemas, en especial asegurando unha dispoñibilidade do 99,9% nos sistemas críticos.

Para acadar os devanditos obxectivos, o proxecto dividiuse en tres capas que ofrecen un interfaz onde cada unha consume recursos da outra.

•A primeira capa permite ocultar as particularidades dos sistemas de almacenamento.

•A segunda permite que se poda reasignar o rol dun servidor e polo tanto a súa configuración de xeito dinámico.

•A terceira consiste no emprego de estratexias de virtualización de servidores, o que permite desacoplar o sistema operativo dun hardware particular.

A maiores, na solución implantada tivéronse en conta os sistemas de almacenamento xunto coa súa virtualización, a capacidade de cómputo, a ampliación de licenzas e máis a adaptación do sistema de copias de seguridade ao novo contorno virtualizado.

O sistema de Almacenamento

A capa de almacenamento cubriuse con equipos **EMC VNX.** Trátase dunha evolución dos sistemas da familia Clariion cos que xa contaba a Deputación. O centro principal equipouse cun **VNX5500** e o secundario cun **VNX5300.** Ámbolos sistemas teñen un "backend" formado por buses SAS a 6 Xb e 4 canles que, ademais de dispor dun bo ancho de banda, teñen unha latencia moi baixa respecto ás canles FC da xeración anterior, o que permite explotar ao máximo os discos de estado sólido (SSD).

O concepto de almacenamento unificado dos sistemas VNX fai que sexan equipos extraordinariamente versátiles, xa que achegan a posibilidade de ampliar a súa funcionalidade como **servidor de ficheiros Entrerprise.**

A arquitectura baseada en VNX conta con dous controladores activo/activo en alta dispoñibilidade, que subministran un Front-end modular, no que se poden instalar tarxetas de expansión en quente para conectividade FC, iSCSI ou FCoE. Na implantación levada a cabo pola Deputación optouse polo emprego de FC, xa que considerouse a mellor opción para a solución, tendo en conta o sistema de comunicacións entre centros da Deputación, e permitiuse o reemprego dos conmutadores FC xa existentes.

Esta solución garante a escalabilidade do sistema de almacenamento dado que os equipos VNX5500 posibilitan a incorporación de até 250 discos. Ademais, elixiuse unha configuración que mestura discos de estado sólido (SSD), alto rendemento e alta capacidade.

Dentro desta solución, os **discos SSD** usáronse para crear unha xerarquía de segundo nivel coa cache do sistema (FAST Cache), o que permite a absorción de picos de escritura impredecibles e treboadas de arranque de escritorios virtuais. Con poucos Xigas destinados a Fast Cache evitamos que os IO se trasladen aos discos mecánicos, procurando así que non se saturen. Ademais, o sistema permítenos activar esta funcionalidade con granularidade a nivel de LUN, evitando que as cargas de traballo non axeitadas para este tipo de técnica, como os logs, distorsionen o seu bo funcionamento.

As técnicas usadas na solución están dirixidas a acadar un meirande rendemento co emprego de menos discos, o que axuda a conseguir un sistema con menor consumo eléctrico e moi eficiente.

No apartado de entrada/saída, os sistemas VNX teñen unha arquitectura modular, pudendo incorporar interfaces (portos) de distintas tecnoloxías en quente. Isto permite adaptar a plataforma para novos protocolos e tecnoloxías no futuro.

A administración dos sistemas VNX realízase de xeito centralizado mediante o interfaz web Unisphere. Esta interfaz, amais de ser moi intuitiva, permite a xeración de informes de rendemento polo miúdo que axudan aos administradores de sistemas na toma de decisións.

Virtualización do Almacenamento

A virtualización do almacenamento é unha peza fundamental para o fornecemento da **infraestrutura como un servizo** (IaaS) e a construción dunha **nube privada.**

Para acadar a devandita virtualización optouse por implantar un sistema VPLEX que permite o emprego de múltiples sistemas de



LIDADE E ESCALABILIDADE

almacenamento dentro dun pool de almacenamento cooperativo que poderán usar os diferentes servidores. Esta solución permite mover os datos das aplicacións entre os distintos sistemas de almacenamento segundo sexa preciso e sen necesidade de que se produza un corte de servizo. A solución permite ademais a combinación de sistemas de almacenamento heteroxéneos a través de múltiples CPD conseguindo que as aplicacións traballen en calquera deles ou en todos de maneira simultánea, grazas á potencia da federación de cache.

Coa federación de VPLEX Metro é posible **mover máquinas virtuais entre os nosos CPDs sen ningún tipo de parada**, a solución cobre até distancias de 100 quilómetros en modo síncrono.

Coa aplicación desta solución logrouse converter os CPD da institución nun modelo activo/activo. Neste escenario é moito máis sinxelo manexar situacións de continxencia debido a que as máquinas virtuais e os datos flotan sobre os dous CPD, e o sistema VPLEX permite crear regras que definan o comportamento dos volumes distribuídos e as máquinas virtuais en caso de calquera evento ou fallo.

Con toda probabilidade, este novo paradigma terá unha pegada no deseño de aplicacións onde os datos xa non figuran nun lugar físico particular.

Computación unificada

Outra das necesidades que se abordou foi o medre da capacidade de cómputo. Até hoxe, a Deputación dispuña de servidores en formatos Rack e Blade en arquitectura x86. Esta arquitectura case non foi modificada dende os 90 pero, dende aquela, os procesadores e os sistemas fixéronse máis pequenos e potentes, e a cantidade de servidores, consumo, refrixeración, coherencia de políticas, seguridade e xestión continuaron medrando.

Tendo en conta os novos requirimentos de servizo, a Deputación precisa contar cunha infraestrutura que ofreza o máximo rendemento, eficiencia e flexibilidade acompañado todo dunha administración sinxela. Por este motivo, optouse pola tecnoloxía UCS de Cisco, cos últimos procesadores da liña Xeon de Intel e a **revolucionaria arquitectura da solución Unified Computing**. Isto permite un importante aforro en conmutadores, adaptadores, cableado, enerxía, espazo e tempo de xestión. Ademais, co equipamento interno a 10 XbE da solución UCS, a Deputación gañou un rendemento a nivel de tráfico transaccional.

Máis polo miúdo, a solución adoptada pola institución conta con varios sistemas UCS distribuídos en ámbolos CDP. Grazas ao uso deste tipo de arquitectura, o sistema dispón dunha gran marxe de desenvolvemento e espallamento, optimizando o espazo empregado e os recursos enerxéticos.

Sistema de backup e arquivo

Até o inicio do proxecto, a Deputación de Pontevedra dispuña de dúas solucións de backup que, aínda que cubrían as súas necesidades, precisaban dunha adaptación ao novo paradigma da virtualización e posibilitar un sistema de arquivado. Para lograr isto, elixiuse a solución de Commvault, que achega xestión unificada da Información e fai sinxela a xestión do ciclo de vida da mesma. Esta plataforma asegura unha protección de alto rendemento, dispoñibilidade universal e xestión simplificada de información en redes de almacenamento complexas.

Na solución implantada, os medios nos que se realizan as copias de seguridade atópanse no centro de apoio. Para minimizar a transferencia dende o centro principal instalouse un Media Agent por CPD, o que reduce o ancho de banda consumido entre os dous centros para o fluxo de datos.

A solución inclúe backup a disco, que unido á deduplicación, permítenos usar un dos sistemas de almacenamento que tiñamos como primeiro nivel de backup. Isto era un obxectivo buscado para mellorar os tempos de recuperación, tendo en conta que a maioría das recuperacións fanse de datos recentes. O segundo nivel da xerarquía de backup séguese a facer contra o Robot de cintas Quantum i500 do que dispuña a Deputación, tan só foi ampliado a 87 solts para absorber o medre da información que se estima coa implantación dos novos proxectos que ten en marcha a institución.

Final da implantación

En palabras de Amancio Varela, director de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, "co remate deste proxecto, damos resposta ao noso plan de desenvolvemento no ámbito local mediante o uso das novas tecnoloxías, acadándose con isto unha mellora significativa nos servizos achegados tanto a traballadores da institución como nos que se lles van prestar aos concellos da provincia e aos propios cidadáns. A solución implantada conta coa posibilidade de incrementar os servizos cun excelente rendemento e cunha garantía do 100% en materia de dispoñibilidade".



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO
plan avanza
Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"
Deputación Pontevedra

SMARTPHONES ENXEBRES

A cultura galega vive un abril abondoso de novas webs, mostras dixitais e teléfonos que falan coma nós

A mostra interactiva sobre Celso Emilio Ferreiro, de xira

Estamos a vivir, para quen non o saiba, o ano conmemorativo de Celso Emilio Ferreiro, un dos máis importantes poetas da nosa terra e cuxo legado artístico, comprometido e solidario, lonxe de perder vixencia gaña con cada día en actualidade e riqueza. De feito, este 2012 cúmprense os cen anos do seu nacemento e esta circunstancia estase a reflectir en múltiples escenarios da nosa vida cultural. Comezamos abril coa inauguración *do Punto de Información Multimedia Celso Emilio Ferreiro* na Biblioteca de Santiago de Compostela. Trátase dunha exposición a cabalo entre dous mundos (o físico, o palpábel, e máis o dos tempos 2.0 que máis que aveciñarse, xa están acó). A exposición, informa a iniciativa Ouvirmos (responsábel da súa feitura), ficará en Compostela dúas semanas, mesturando contidos virtuais con obxectos persoais do escritor celanovés.

O Punto multimedia consta dunha pantalla de 46 polgadas cun interactivo dinámico baseado no concepto de *liña de tempo*, que permite coñecer e navegar polo universo literario e persoal do poeta a través de diferentes apartados referidos á súa traxectoria vital, obra, fotografías ou ao son da súa voz.

A exposición vén da man da Fundación Celso Emilio Ferreiro e das secretarías xerais de Cultura e Política Lingüística. A mostra estará na biblioteca Ánxel Casal ata o 13 de abril e continuará o seu percorrido polo resto de bibliotecas nodais, pasando polas de Pontevedra, A Coruña, Ourense, Lugo e, finalmente, Vigo. Xa no mes de outubro, a exposición multimedia chegará aos centros educativos para achegarlles aos estudantes de secundaria a obra e a figura do poeta de Celanova.

Letras Galegas cada vez máis preto

Recentemente fíxose pública a colaboración entre a Real Academia Galega e a Xunta para colaborar de xeito conxunto nas actividades que a primeira institución leve a cabo con motivo da festividade do 17 de maio, este ano dedicada a Valentín Paz-Andrade.

Entre as propostas tecnolóxicas achegadas para esta cita, que por certo coincide co 50º Aniversario do Día das Letras Galegas, en Código Cero destacamos o apoio á web oficial do homenaxeado, valentinpazandrade.com, promovida por Industrias Pesqueiras, así como a difusión de poemas sobre o escritor a través da TVG durante todo o mes de maio, que serán emitidas en formato de minipezas audiovisuais.

A maiores cabe destacar que a Dirección Xeral de Xuventude e a Secretaría Xeral de Política Lingüística vanse sumar tamén aos actos de celebración desta data sinalada para as letras e para Internet (lembremos que o 17 de maio tamén é o Día de Internet), promovendo unha nova edición do evento *Lingua de namorar*, concurso de declaracións amorosas en galego a través da Rede, que vincula a celebración das Letras Galegas e Internet e que se enfoca á xente nova.

Recoñecen ao blog Fala Londres polo seu bo uso das TIC

O Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado (INTEF) vén de seleccionar como boa prácTICa 2.0 ao blog Fala Londres, galegoenlondres.blogspot.com.es,coordinado polo profesor Xaime Varela dende a Área de Lingua Galega do Instituto Vicente Cañada Blanch (Londres), recoñecemento que destaca a aposta polas TIC deste espazo na Rede que a través de ferramentas coma o blog e as redes sociais busca a participación da comunidade educativa, dignificando a nosa lingua entre os galego de Londres.

Fala Londres non só innova no uso de ferramentas da web social, senón que tamén informa das actividades culturais relacionadas co galego que se producen no centro e mais das novas de interese relativas a Galicia que teñen lugar en Londres.

A Mesa felicita a Samsung pola inclusión do galego nos seus smartphone

Samsung, un dos principais fabricantes internacionais de telefonía móbil, vén de incorporar a lingua galega aos seus móbiles smartphone. A iniciativa da empresa coreana, que tamén abrangue ao vasco e o catalán, deuse a coñecer os días pasados a través da rede social Twitter. As moitas vantaxes de uso e de promoción lingüística que esta medida pon en xogo motivaron que A Mesa felicitase o compromiso de Samsung. En opinión da organización galega que coordina Carlos Callón, estamos ante *"un adianto moi positivo para a nosa lingua, así como tamén para o vasco e o catalán, xa que a nova supón unha rectificación da multinacional a respecto da súa vontade inicial e vén precedida dunha intensa campaña reivindicativa a través das redes sociais, impulsada sobre todo desde o ámbito lingüístico catalán, a través de queixas particulares e da protesta da Plataforma per la Llengua"*.

A xuízo da Mesa, a consecución da inclusión das ditas linguas nos aparellos da multinacional abre o camiño para outras estratexias semellantes ao abeiro do resto das empresas implicadas. Ademais, supón a constatación do poder que ten hoxe en día a opinión dos internautas e o seu traballo de mobilización nas redes.

“GOTAS DEL MARQUÉS”

DE BODEGAS MARQUÉS DE VIZHOJA GALARDONADAS CO PREMIO INNOVAL 2012 EN ALIMENTARIA

AS “GOTAS DEL MARQUÉS” FORON SELECCIONADAS COMO GAÑADORAS NA CATEGORÍA DE VIÑOS E ESPIRITUOSOS.

Javier Peláez, enólogo e propietario de Bodegas Marquésde Vizhoja recollendo o premio Innoval

“Gotas del Marqués”, a última novidade presentada polas Bodegas Marqués de Vizhoja no Salón Internacional de Alimentación e Bebidas, Alimentaria, en Barcelona, foron galardoadas co premio Innoval 2012 na categoría de Viños e Espirituosos.

O xurado, do que formaba parte, entre outros, a Subdirectora Adxunta da Subdirección Xeral de Fomento Industrial e Innovación (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) consideraron que as “Gotas del Marques” son merecedoras do Premio Innoval 2012 como creación na que se recoñece o esforzo e inversión realizado en I+D+i.

Deste xeito, a nova creación das Bodegas Marqués de Vizhoja recibiu un dos nove premios otorgados a productos na presente edición de Innoval, á que concurriron máis de 200 innovacións.

“Para nós é un enorme orgullo que as nosas “Gotas del Marqués” sexan recoñecidas cun premio da categoría Innoval 2012. É un producto no que levamos traballando máis de 6 años e que supuxo o inicio da diversificación empresarial da nosa Bodega” declarou Javier Peláez, enólogo e propietario da Bodega.

“Gotas del Marqués”

“Gotas del Marqués” son monodosis de 7 ml de brandy, crema de licor, augardente branca, anís seco, licor de herbas, ron dominicano e whisky escocés presentados nun novedoso packaging con sistema de apertura fácil e embudo antigoteo.
Este producto nace coa vocación de dar resposta a unha necesidade detectada no mercado en xeral, pero sobre todo na hostalería e na restauración. As monodosis foron concebidas como unha solución hixiénica, estética e profesionalizada para acompañar os consumos de café e infusións. “En Galicia é costume cortar o café con augardente, con crema en casi a totalidade de España, en Castilla e sobre todo Andalucía emprégase moito o brandy, o anís, en zonas como Málaga ou o País Vasco, o ron é moi apreciado en Cataluña para servir os seus famosos carajillos…cada zona xeográfica ten hábitos diferentes de aí a variedade das nosas “Gotas del Marqués”, afirma Jorge Peláez director e propietario de Bodegas Marqués de Vizhoja.

Estas monodosis comercializaranse en caixa de 100 unidades de 7 mililitros. O seu destino inmediato é a hostalería e a restauración, pero en breve serán introducidas no canal alimentación.

I+D+i

As “Gotas del Marqués” son o resultado de anos de traballo en investigación e prospección de mercados da Bodega da familia Peláez. Sabedores da necesidade de actualización contínua e dos cada vez máis altos estándares de esixencia dos consumidores a Bodega Marqués de Vizhoja centrou boa parte do seu traballo dos últimos anos na procura de novas fórmulas que achegaran notoriedade e posicionamento ós seus productos. Primeiro foi o etiquetado en braille do seu DO Rías Baixas Torre la Moreira, presentado no 2007, ó que seguiron as primeiras “Gotas del Marqués”, as de augardente branca, precursoras das agora premiadas.

Escoitar ás necesidades do mercado e buscar solucións asequibles ós tempos que corren e ós gustos do consumidor, son os pilares nos que basean a política de I+D+i da Bodega de Arbo. “Traballamos nunha dobre e complementaria dirección, por unha banda reforzamos cada vez máis a nosa presencia nas principais citas sectoriais nacionais e internacionais (Fórum, Alimentaria, Chengdu…etc), onde podemos amosar o noso producto e palpar as sensacións e inquietudes do público e dos profesionais, e por outra banda estamos a traballar no deselvolvemento de aplicacións e mellora dos nosos perfís nas redes sociais, factor importantísimo arestora para nós”.

A empresa

Bodegas Marqués de Vizhoja, cunha producción que supera o millón e medio de botellas e un volume de negocio cifrado en máis de 4.000.000 de euros, conta además das “Gotas del Marqués” entre os seus productos co mítico viño blanco de autor, Marqués de Vizhoja, o Rías Baixas Torre La Moreira (100% albariño) e O Condado do Tea Señor da Folla Verde (70% albariño, 15% treixadura e 15% loureira), estos últimos amparados na Denominación de Orixe Rías Baixas.

COA MAZÁ NO PUNTO DE MIRA

AS Computer reinaugura a súa tenda en Santiago de Compostela

Na tarde do pasado 22 de marzo, a tenda AS Computer emprazada no número 4 da Avenida de Barcelona en Santiago de Compostela volveu a abrir as súas portas nunha festa con grande éxito de público, na que realizáronse sorteos e entregáronse distintos agasallos aos presentes, dinamizando unha reinauguración que chega a tempo para a estrea en España do novo iPad, dispositivo que en poucas horas centrará as miradas do que visiten a este Apple Premium Reseller.

Pese a que en España non existe a tradición de facer grandes colas fronte a tendas de Apple, o renovado establecemento compostelán logrou congregar nas súas portas a ducias de persoas dende a primeira hora da tarde, pese a que a apertura de portas non tería lugar ata as 19:00 horas, premiándose esta antelación con agasallos e sorteos de cheques de desconto por valor de 20 euros.

Xa dentro, realizáronse varios sorteos de reprodutores multimedia iPod, que pese a que parecen dispositivos que están a ser substituídos polos smartphones, continúan a gozar de boa saúde, como demostrou a atención que captaban entre os presentes.

A nova tenda presenta unha aparencia moderna, moi propia das tendas de Apple, pero destacando por repartir o seu espazo en dúas alturas e permitir o seu acceso dende dúas avenidas (Mestre Mateo e Barcelona). AS Computer permite ver en primeira persoa o catálogo de produtos de Apple, contando tamén co asesoramento do seu persoal á hora de decidir a nosa compra ou de resolver distintos problemas, completando tamén a súa labor comercial con demostracións de produtos, obradoiros de balde e asistencia técnica personalizada, que conforman así un servizo completo de atención ao cliente que agradecerán os maqueiros composteláns e doutras poboacións galegas onde non haxa establecementos especializados en produtos da compañía de Cupertino.

A reinauguración da tenda de AS Computer contou cunha asistencia masiva de público mozo

O persoal do establecemento axuda a solucionar as dúbidas sobre o mundo Apple

Ao evento non faltaron vellos coñecidos como o actor Totó García (O Divino Ferrete) ou Alberto Seoane (de Xanvilar)

Neste Apple Premium Reseller poden verse en persoa os produtos da empresa de Cupertino, o que facilita elixir entre a súa ampla oferta

O sorteo de varios iPod animou a inauguración

O iPad parece ser o produto estrela do catálogo de Apple

Novo escáner compacto de Plustek

Aínda que na actualidade o tipo de escáner máis habitual é a impresora multi-función, os usuarios en mobilidade precisan de dispositivos máis doados de transportar, de aí que aparezan trebellos como o Plustek MobileOffice D412, un escáner de documentos e tarxetas a cor capaz de dixitalizar unha páxina tamaño DIN A4 en 4,6 segundos, mantendo un tamaño compacto (295 x 69,2 x 50 milímetros) e un peso aceptable (0,77 quilogramos).

Este escáner ten unha resolución óptica de 600 puntos por polgada, pode dixitalizar unha folla polas dúas caras á vez, conéctase ao PC mediante un porto USB, cumpre coa norma TWAIN (o que facilita o seu uso dende a meirande de aplicacións do mercado), pode alimentarse a través dun adaptador ou de USB, conta cun procesador de imaxe avanzado que facilita o escaneo de documentos de diferentes tamaños e tarxetas plastificadas sen facer axustes e realizando un recoñecemento óptico de caracteres (OCR) do resultado, e incluso permite a xeración de documentos PDF ou documentos de Microsoft Office editables.

Este novo escáner xa está á venda nos EE.UU. por 253,48 dólares(193,66 euros), descoñecéndose o prezo que terá cando chegue ao mercado europeo.

Novo reprodutor musical para levar de Philips

Dende o lanzamento do iPod shuffle son cada vez máis habituais os reprodutores multimedia portátiles que poden vestirse, normalmente por adoptar forma de pinza, o que fai dun xeito bastante orixinal o reprodutor de MP3 GoGEAR SoundDot de Philips, que adopta un deseño moi cativo, colorista e elegante, unha forma redonda, unha interface de uso moi sinxela, unha boa autonomía (ata 6 horas de reprodución musical continua) e un prezo bastante axustado (uns 20 euros).

O SoundDot chegará en abril e varias cores (rosa, azul e e branco) e resulta bastante práctico con funcionalidades como a posibilidade de funcionar como unha memoria USB (facilitando a carga de contidos nos seus 2 Gb de almacenamento interno) ou o permitir cargas rápidas (6 minutos de carga permitirían unha autonomía de 60 minutos de reprodución). Tamén conta con indicadores LED para saber se o trebello está acendido ou está a quedar sen batería.

Este dispositivo que reproduce ficheiros MP3, WAV e WMA ten unhas medidas de só 42,3 x 57 x 19 milímetros e un peso de 19 gramos.

Engel achega o sistema operativo Android 2.3 ao televisor

O fabricante de electrónica de consumo Engel vén de presentar un novo e atractivo dispositivos para que facilita a achega do sistema operativo Android ao noso televisor, o EngelDroid, que no seu modelo EN1007, que cunhas medidas de 105 x 100 x 20,7 milímetros presume de ser o receptor Android máis cativo do mercado. Este dispositivo funciona con Android 2.3, conta con Wi-Fi, saída HDMI, 2 portos USB, lector de tarxetas SD e soporte de Adobe Flash, permite reproducir contidos multimedia, navegar pola web, xogar e mesmo acceder a múltiples contidos multimedia que atopemos pola Rede, destacando especialmente polos seus mandos a distancia: inclúe un mando Twist, que inclúe por un lado un mando de distancia tradicional e polo outro un teclado QWERTY para facilitar o uso da web; e tamén conta cun mando Motion con control de movemento, o que resulta de utilidade tanto para xogar como para desprazar o cursor pola pantalla coma se fose un rato informático.

Código QR

Este interesante trebello chegará ás tendas a un prezo de 149 euros.

O GRAN ÉXITO DO GATO SALVAXE

O primeiro episodio do videoxogo galego AR-K saíu á venda en formato físico

O videoxogo galego AR-K, de cuxo procesos de creación e galeguización falamos hai pouco en Código Cero, ten novidades que amosar. E, de feito, novidades importantes. Así nolo contan os responsábeis da proposta dixital, os integrantes do estudo coruñés Gato Salvaje, que veñen de advertirnos de que xa temos nas tendas, en formato físico, a súa criatura. E todo debido ao "gran éxito obtido pola súa distribución en liña". Cómpre lembrar que o episodio inicial desta aventura gráfica foi, segundo informan os rapaces de Gato Salvaje, *"o máis vendido no seu xénero en portais de recoñecido prestixio, como Games Planet, The Adventure Shop ou Media Markt"*. Asemade, engaden, obtivo excelentes críticas dos especialistas en videoxogos, como por exemplo das publicacións Micromanía, Vandal o Meristation. Neste último portal, sen ir máis lonxe, salientáronse múltiples detalles da achega galega, como *"o gran acabado técnico" ou o carisma do seu personaxe principal, "unha moza sarcástica, fachendosa, cínica e absolutamente encantadora"*.

A feitura física de AR-K chegou xa, hai uns cantos días, aos puntos de venda, quioscos e tendas especializadas da nosa terra, sendo a intención a de dar o chimpo a uns 21.000 establecementos de toda a xeografía estatal. O seu prezo é de 9,95 euros, e súmase este produto á versión dixital, descargable aínda na páxina web do devandito estudo coruñés (gatosalvajestudio.com). Por certo que o segundo episodio estará dispoñíbel no vindeiro mes de xuño e fornecerá aos usuarios de novas aventuras de Alicia, de novo coa voz de María Castro. Sinalar que tamén puxeron o seu gran de area, para a materialización dos personaxes, os actores Antonio Durán Morris, Miguel Pernas e Andrés Bellas.

Un pouco de historia

Sergio Prieto, Javier Vara Calviño e Javier Vilar Ortiz, integrantes de Gato Salvaje, tiveron a idea deste proxecto mentres o tres cursaban o master de animación 3D MAISCA, na Universidade das Balears. En troques de emigrar, decidiron investir a súa formación e coñecementos en desenvolver un produto innovador desde a súa propia terra. O resultado é un produto con sabor independente, pero cunha presentación gráfica moi por enriba do que adoita ser habitual en empresas pequenas. O seu mérito é maior, aínda, ao non contar os seus creadores con ningún tipo de axuda ou subvención oficial.

A aventura que chega agora ás tendas en formato físico conta a historia de Alicia, unha estudante de xornalismo cuxa vida transcorre nunha sociedade utópica, onde todas as necesidades parecen estar cubertas. Con todo, vive en primeira persoa unha serie de acontecementos que lle fan dubidar do que cre saber sobre o seu mundo. O achado dun misterioso obxecto lévaa a introducirse nunha complicada trama de investigación, na que terá que detectar todas as mentiras que separan a aparencia da realidade.

Tráiler

E para quen queira botarlle un ollo ao que depara este innovador produto de Gato Salvaje (o primeiro dunha serie de cinco), dicirlle que xa está no YouTube, dende o mes de marzo, un completo tráiler sobre esta aventura gráfica point and click. O tráiler é, en definitiva, unha parte máis desta aposta do estudo coruñés pola comercialización e a promoción serial, unha tendencia en afianzamento dentro deste xénero polas moitas vantaxes que pon en xogo para todas e todos: permítelles ás empresas prolongar a súa actividade (mantendo aos seareiros á espreita) e posibilita prezos moi asumíbeis e moi competitivos para cada unha das entregas.

Cómpre engadir que o xogo en cuestión terá unha duración de entre 3 e 4 horas, e destaca especialmente por estar a dobrarse ao galego, español, inglés e alemán, esforzo sen precedentes, que confirma un compromiso co contorno cultura dos seus desenvolvedores e a aspiración de chegar a un público moi amplo.

FOOSBALL 2012

Foosball 2012 achegará o futbolín a PS3 e PS Vita

Marcus Fernández

O estudo checo Grip Games, responsables de xogos como The Imposible Game, MiniSquadron e one Epic Game, están a preparar un novo título para PlayStation 3 e PS Vita que en España podería gozar de boa aceptación por trasladar o futbolín ás consolas de videoxogos de Sony.Foosball 2012 contará con numerosas características e modos de xogo, varios tipos de mesa (estilo americano, estilo europeo...), posibilidades de personalización, tipos de bola, tiros con efecto... elementos que contribuirán a xogar durante horas.

Tamén permite socializar no seu modo multixogador local de ata 4 persoas e un multixogador en liña que permitirá enfrontarse a participantes de todo o mundo e ascender nunha clasificación global. Estamos ante un título multiplataforma que permitirá que se enfronten usuarios de PS3 e PS Vita, e incluso permite que unha partida iniciada na PS3 poida continuarse na PS Vita.

Este novo xogo descargable que chegará na primavera á PlayStation Store é compatible con PS Move na PS3 (conservando a compatibilidade con DUALSHOCK 3) e tamén permite, opcionalmente, tirar proveito dos controis táctiles da PS Vita.

LITTLEBIGPLANET

LittleBigPlanet inspira un xogo de carreiras de karts

O estudo Media Molecule está a celebrar o seu sexto aniversario con grande éxito e dúas entregas da saga LittleBigPlanet para PlayStation 3 ás costas, e aínda que tamén fan desenvolvementos para plataformas portátiles, finalmente tiveron a ben anunciar oficialmente un novo xogo da franquía para PlayStation 3: LittleBigPlanet Karting. Este xogo que chegará ás tendas este mesmo ano podería considerarse como o Mario Kart de PS3, pero non quere quedar nun mero xogo de carreiras, e vai explotar tamén o punto forte de LittleBigPlanet, a creación,

de xeito que chegará co lema *"xoga, crea e comparte"*.

Esta mestura entre os clásicos xogos de karts e a franquía de Sackboy promete unha experiencia moi completa, atinada para todas as idades e para xogadores de distinto nivel.

UEFA EURO 2012

UEFA EURO 2012 será unha expansión de pagamento do FIFA 12

Hai 4 anos ás consolas o videoxogo recibiron o UEFA EURO 2008 como un xogo completo, que non era máis que unha versión actualizada deFIFA 08, un paso innecesario antes de FIFA 09 que este ano non queren repetir, polo que agora anuncian que o 24 de abril chegará UEFA EURO 2012 como unha expansión do FIFA 12, recreando a Eurocopa deste anocoas 53 seleccións participantes, os 8 estadios oficiais e todo os elementos que permitirán recrear a competición dun xeito realista. Contará con versións para PC, PlayStation 3 e Xbox 360 a prezos de preto de 20 euros, o que claramente é unha vantaxe en comparación coa compra dun xogo independente.

O xogo contará cun modo exclusivo que permitirá construír e competir con formacións personalizadas contra outros países europeos e durante o campionato tamén permitirá revivir os seus momentos máis importantes, baseándose en información sobre os partidos que terán lugar no mundo real.

RESIDENT EVIL 6

Resident Evil 6 adianta o seu lanzamento ao 2 de outubro

Código QR

Trailer do xogo

Hai uns meses Capcom sorprendeu anunciando que estaba a preparar o lanzamento do xogo Resident Evil 6 para o 20 de novembro, e agora presenta un novo trailer que pecha mudando a data de lanzamento deste prometedor título, adiantándoo ao 2 de outubro, o que agradecerán os posuidores dunha Xbox 360 ou unha PlayStation 3 (a versión de PC sairá máis adiante).

O novo trailer non só informa sobre o cambio de data de lanzamento do xogo, senón que tamén amosa numerosos detalles sobre a historia do mesmo, como o feito de que, aparte dos coñecidos Christ Redfield e Leon S. Kennedy, veremos a Sherry Birkin (muller que se estreara

na saga cando era unha nena durante o incidente de Raccoon City) e incluso o fillo de Albert Wesker, Jake Muller. Tamén desvélase que a nova ameaza biolóxica estará baseada no novo Virus C e, desta volta, incluso os infectados poderán empregar armas de foto, o que promete unha acción máis trepidante que outras entregas.

Resident Evil 6 permitirá controlar a 3 personaxes distintos (Leon S. Kennedy, Chris Redfield e Jake Muller) que contarán con cadansúa historia, que entrelazaranse, aínda que o xogador poderá gozalas en calquera orde.

En Ineo...

... ti es a peza que falta...

¿Falamos?

Ineo, Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación
www.ineo.org | ineo@ineo.org | Tel. 902 905 510

Repoblar

Rede Pontevedra Banda Larga Rural

Proxecto cofinanciado e liderado pola

Deputación Pontevedra

INTERNET NAS **ZONAS RURAIS** DE PONTEVEDRA

Vivas onde vivas, sempre conectados

1 Mb

17€*

*ó mes (IVE non incluído)
(20,06 €/mes con IVE)

Chama, infórmate e contrata no

1630

TELÉFONO GRATUÍTO

Servizo **ofrecido por:**

tngo INTERNET

www.repoblar.depo.es
www.tngo.es

Proxecto cofinanciado pola
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"